

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12652 *Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

O principio xeral que preside esta lei orgánica, común a todo o ordenamento xurídico sancionador, é o equilibrio entre as garantías básicas do infractor e as prerrogativas da Administración, sen esquecer que a atribución da potestade disciplinaria se xustifica como salvagarda do interese público e da defensa dos valores esenciais das Forzas Armadas.

Vixente a norma constitucional, aprobouse a Lei orgánica 12/1985, do 27 de novembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, á cal lle hai que recoñecer o mérito esencial da separación formal dos ámbitos sancionadores disciplinario e penal militares. Tal norma orgánica foi substituída pola, agora derogada, Lei de réxime disciplinario das Forzas Armadas, aprobada pola Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, que supuxo un considerable progreso no imprescindible equilibrio entre a protección dos valores castrenses e as garantías individuais recollidas na Constitución. Porén, algúns dos seus preceptos non eran de aplicación ao se ter suspendido a prestación do servizo militar obrigatorio ou non podían, obviamente, facer referencia a leis posteriores tan importantes como a Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional; a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar; a Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, e a Lei orgánica 9/2003, do 15 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdición militar.

Por outra parte, a disposición derradeira oitava (adaptación do réxime disciplinario das Forzas Armadas) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, dispón que o Goberno deberá remitir ao Congreso dos Deputados no prazo dun ano un proxecto de lei de reforma da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

Xa que logo, a obriga de elaborar unha lei de reforma e adaptación da Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas reside no mandato da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, que establece como criterios que cómpre ter en conta a doutrina do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos, do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo sobre dereitos e garantías fundamentais do exercicio da potestade disciplinaria no ámbito militar e a necesaria adaptación á plena profesionalización das Forzas Armadas, á presenza da muller e á organización e misións que lles veñen sinaladas na Lei orgánica da defensa nacional. Así mesmo, debe incluír unha regulación específica para as unidades e o persoal destacados en zona de operacións, nos termos que para estes establece o artigo 16 da Lei orgánica da defensa nacional.

Ademais destas razóns, existen outras no terreo da técnica lexislativa que xustifican a elaboración dunha nova lei disciplinaria completa, cuxa aprobación facilitará a súa aplicación práctica, dados os numerosos preceptos que deberían ser modificados pola

incidencia das mencionadas leis, en particular da citada Lei orgánica de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, como a conveniente coordinación cos preceptos doutras normas que establecen a regulación do persoal militar e coas reais ordenanzas para as Forzas Armadas. Especialmente, a necesidade de adecuar a normativa disciplinaria militar ás regras de comportamento dos militares e ao funcionamento da xustiza militar.

II

Xustamente a finalidade desta lei, expresada no seu artigo 1, é garantir a observancia das regras de comportamento dos militares, en particular a disciplina, a xerarquía e a unidade que, de acordo coa Constitución e co resto do ordenamento xurídico, constitúen o código de conduta dos membros das Forzas Armadas.

A seguir, establécese o ámbito subxectivo de aplicación da norma que abrangue os militares profesionais sempre que non teñan en suspenso a súa condición militar, os reservistas, os alumnos dos centros docentes militares de formación, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador académico, e a quen pase a ter a asimilación de persoal militar.

Mantense a compatibilidade entre a responsabilidade disciplinaria e a responsabilidade civil, penal e disciplinaria xudicial, que non supón a vulneración do principio «ne bis in idem», posto que só poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non houber identidade do ben xurídico protexido. E, en todo caso, recoñécese que a declaración de feitos probados contida nunha resolución xudicial vinculará a Administración.

III

As faltas disciplinarias, definidas como as accións ou omisións dolosas ou imprudentes previstas na lei, clasifícanse en leves, graves e moi graves, acollendo a división tripartita consolidada no noso ordenamento xurídico sancionador e abandonando a tipificación anterior, que cualificaba as moi graves como causas das sancións disciplinarias extraordinarias.

A entrada en vigor da Lei orgánica de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas determinou unha profunda modificación dos tipos disciplinarios militares, incorporando a protección dos dereitos alí garantidos e a sanción da violación dos deberes establecidos en tal norma. Elimináronse, por outra parte, algunhas infraccións disciplinarias obsoletas e que perderon reprochabilidade no ámbito castrense. Asemade, refúndense algunhas faltas leves e outras convértense en faltas graves, pola súa maior transcendencia.

Unha das maiores novidades desta lei é a elaboración dunha orde lóxica na tipificación das faltas, que supera a relación simplemente enumerativa que se advirte nas normas anteriores, seguindo o criterio ben consolidado de ordenalas en función dos bens xurídicos protexidos ou deberes militares infrinxidos, o que facilita a aplicación da lei por aqueles que teñen atribuída a potestade disciplinaria, particularmente nos niveis inferiores do mando. Ademais, púxose especial coidado na coordinación da descrición dos ilícitos disciplinarios tipificados como faltas leves, graves e moi graves, para establecer unha coherente gradación das condutas sancionables segundo a súa respectiva gravidade.

Os verbos que describen a acción típica sancionada como falta leve coordínanse con maior precisión en relación cos utilizados na tipificación das faltas graves. Así, utilízanse expresións como «falta de consideración, inexactitude no cumprimento, descoido ou leve inobservancia» (faltas leves) fronte a «incumplimento, falta de subordinación, extralimitación ou infracción de deberes» (faltas graves).

Mantéñense como faltas moi graves, aínda que modificando a súa redacción, algunhas das vixentes «causas de sancións disciplinarias extraordinarias», reveladoras dunha especial gravidade e, por isto, merecedoras do máximo reproche na vía disciplinaria castrense. As pautas para decidir a súa inclusión no catálogo das faltas moi graves foron

fundamentalmente a reiteración en comportamentos sancionables e a tutela especial que merecen valores tan esenciais ás Forzas Armadas como a disciplina, os deberes do mando e do servizo, así como os dereitos constitucionais dos militares.

Ao tipificar as faltas tívose moi en conta a especial gravidade dalgunhas condutas como as que afectan a liberdade sexual das persoas, implican acoso tanto sexual e por razón de sexo como profesional, atentan contra a intimidade, a dignidade persoal ou no traballo, ou supoñen discriminación. Unha das novidades da lei é o castigo das infraccións do dereito internacional aplicable nos conflitos armados, ao sancionarse a inobservancia por imprudencia das normas humanitarias e o incumprimento por parte do superior do seu deber de garante da conduta dos seus subordinados. En ambos os dous casos o reproche disciplinario é complementario da conduta dolosa constitutiva de delito militar ou común.

Finalmente, na tipificación das faltas graves e moi graves coidouse o deslindamento dos tipos disciplinarios con determinados delitos incriminados no Código penal ou Código penal militar, acollendo unha redacción que os diferencie ou simplemente eliminando aqueles que sexan constitutivos dunha infracción criminal. Todo isto sen perder de vista o principio de intervención mínima do dereito penal.

A lei, respectando a unidade do ordenamento xurídico, describe os autores e os partícipes responsables das faltas disciplinarias nos mesmos termos que o Código penal e sanciona o encubrimiento como infracción específica.

IV

Polo que se refire ás sancións que se poden impoñer no exercicio da potestade disciplinaria, a lei contén varias novidades de gran transcendencia. En primeiro lugar, incorpora a sanción económica dun a quince días, con perda de retribucións durante ese tempo, existente como sanción practicamente en todos os exércitos do noso ámbito occidental e máis asidua relación, que na actualidade se considera moi adecuada para sancionar determinadas infraccións cometidas polos militares profesionais, e que se exclúe para os alumnos dos centros docentes militares de formación. Para estes resévaselles, entre outras, a sanción de privación de saída dun a oito días.

Mantén a lei a sanción de arresto para castigar a comisión de faltas leves, con atribución ao mando da opción, segundo a gravidade da infracción, entre a reprensión, a sanción económica ou o arresto, tendo en conta que o artigo 25.3 da Constitución, a sensu contrario, lle permite á Administración militar a imposición de sancións que, directa ou subsidiariamente, impliquen privación de liberdade. Hai que destacar, ademais da súa indiscutible eficacia para restablecer a disciplina, a existencia de arrestos ou privacións de liberdade como sancións por faltas leves na inmensa maioría dos sistemas disciplinarios militares dos países do noso ámbito sociocultural ou pertencentes á Alianza Atlántica. Agora ben, limitouse considerablemente a extensión máxima do arresto por faltas leves, que pasa de trinta a catorce días, e restrínxese a competencia para impoñelo, porque se confire unicamente a determinados niveis do mando. Ademais, a autoridade ou mando disciplinario só poderá impoñer a sanción de arresto prevista para as faltas leves cando se vexa afectada a disciplina ou as regras esenciais que definen o comportamento dos membros das Forzas Armadas.

En canto ás sancións que poden ser impostas por faltas graves, tamén se limitou a extensión máxima do arresto, que pasa de dous meses a trinta días e que se cumpre, salvo excepcións ben xustificadas, en establecemento disciplinario militar; incorporouse a sanción económica e mantivéronse sancións clásicas no noso réxime disciplinario militar, como a perda de destino e a baixa no centro docente militar de formación.

Incorporáronse ao catálogo de sancións por faltas moi graves o arresto na extensión máxima de sesenta días e a resolución de compromiso, e eliminouse a perda de postos no escalafón, de escasa aplicación práctica nas Forzas Armadas españolas. Mantéñense as sancións de suspensión de emprego e separación do servizo.

A ampliación considerable dos prazos de prescrición das faltas graves e moi graves xustifícase pola súa identidade cos establecidos na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto

básico do empregado público, e a singularidade do prazo de dous meses para a prescrición das faltas leves encontra o seu fundamento tanto na necesidade dunha reacción inmediata ante a súa comisión como nas características do procedemento preferentemente oral establecido para sancionalas.

Merecen mención especial as regras establecidas para a individualización das sancións, para cuxa gradación se determinan, presididos polo principio de proporcionalidade, criterios que limitan o arbitrio da autoridade sancionadora e trasladan ao ámbito disciplinario pautas de xustiza consolidadas pola xurisprudencia e incorporadas ás normas penais nacionais e internacionais.

V

Modifícase significativamente a relación de autoridades e mandos con potestade disciplinaria, con lóxica incidencia na competencia sancionadora. Así, ademais do ministro de Defensa, confíreselles ás autoridades do nivel seguinte, xefe do Estado Maior da Defensa, subsecretario e xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, a competencia para sancionar as faltas moi graves, excepto a separación do servizo, que segue reservada ao ministro de Defensa.

Co fin de axilizar o procedemento e alcanzar a desexable inmediación na valoración das condutas sancionables, esténdese a competencia disciplinaria para coñecer das faltas graves, antes reservada para niveis superiores de mando, aos oficiais xenerais con mando ou dirección sobre forza, unidade, centro ou organismo, seguindo modelos que se reiteran na lexislación comparada. Nestas autoridades e nos xefes de rexemento e comandantes das unidades, con atribucións para sancionar as faltas leves, descansa o núcleo competencial do sistema disciplinario militar, sen prexuízo da potestade conferida ás autoridades de rango superior para sancionar as faltas ou aquela recoñecida aos niveis inferiores de mando para castigar as faltas leves con sancións de menor entidade.

Mantéñense as especialidades relativas ao exercicio da potestade disciplinaria a bordo dos buques de guerra ou sobre os membros do corpo xurídico militar que desempeñen funcións xudiciais e fiscais, así como sobre os membros do corpo militar de intervención en funcións interventoras.

Ademais do clásico deber de corrección, regúlanse con detalle as medidas cautelares que, sendo necesarias para restablecer de maneira inmediata a disciplina, poden acordar tanto as autoridades e os mandos con potestade disciplinaria como os militares que exerzan o mando dunha garda ou servizo, consistentes no arresto cautelar de corenta e oito horas na unidade ou lugar que se designe e no cesamento nas súas funcións do infractor. Así mesmo, a lei establece unha compensación económica para os supostos de terminación sen responsabilidade do procedemento por inexistencia de infracción e garántese a tutela xudicial ao interesado a través do recurso contencioso-disciplinario militar.

Incorpóranse normas singulares para determinar a competencia sancionadora sobre os alumnos dos centros docentes militares de formación, reservistas e persoal en supostos especiais, particularmente sobre os militares españois que ocupen postos en organizacións internacionais ou os representantes das asociacións profesionais que sexan membros do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

VI

Constitúe unha destacada innovación a aprobación dun capítulo dedicado a regular o réxime disciplinario aplicable nas unidades e ao persoal destacados en zona de operacións que, por outra parte, responde ao mandato parlamentario expresado no punto segundo da disposición derradeira oitava da Lei orgánica de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.

Despois de determinar os ámbitos persoal e temporal de aplicación, atribúeselles a potestade disciplinaria aos militares españois que fosen designados comandantes, xefes ou responsables dunha forza, continxente, representación, unidade ou agrupamento

táctico e teñan baixo as súas ordes outros militares españois. Reside a particularidade do precepto na atribución a estes mandos da competencia para sancionar as faltas graves, excepto coa sanción da perda de destino, ademais da posibilidade de impoñer sancións por faltas leves. Así mesmo, outórganselle ao xefe dun agrupamento táctico, núcleo ou equipo que debe desempeñar o seu labor illado da súa base as competencias sancionadoras propias dos xefes de compañía ou unidade similar. Todos os militares con potestade disciplinaria poderán, por outra parte, delegar competencias sancionadoras nos mandos subordinados.

Por exixencias derivadas do desenvolvemento das operacións militares, posibilitase que a execución da sanción se demore ata a finalización da misión e, se é o caso, en territorio nacional. Se se cumpre en zona de operacións, a regra xeral é que o cumprimento da sanción se compatibilice co desempeño das actividades que deba realizar o sancionado.

VII

No procedemento sancionador, presidido polos principios de legalidade, imparcialidade, publicidade, impulso de oficio, celeridade, eficacia e contradición, recoñécense os dereitos do presunto infractor á presunción de inocencia, á información da acusación disciplinaria, á defensa, á audiencia previa, á utilización dos medios de proba adecuados e a interpoñer os recursos correspondentes.

Mantén a lei que o procedemento por faltas leves se substancie de forma preferentemente oral, pero con todas as garantías constitucionais como a audiencia do interesado ou os seus dereitos a gardar silencio, a non declarar contra si mesmo, a non confesarse culpable ou á presunción de inocencia. Tamén se recoñece ao presunto infractor, no trámite de audiencia, o dereito a formular alegacións, instar a práctica de probas ou presentar os documentos e xustificacións que coide pertinentes.

Como novidade destacada unifícase nun só procedemento o expediente por faltas graves e moi graves e establécese a posibilidade de incoación do procedemento por denuncia presentada por quen non teña condición militar. Determínase o prazo máximo en que se debe terminar o expediente e os supostos de suspensión do dito cómputo. Innovación relevante é a incorporación da declaración de caducidade por vencemento do prazo, instituto excluído antes do procedemento disciplinario das Forzas Armadas e incluído no réxime disciplinario da Garda Civil, que se regula dispoñendo o arquivamento das actuacións sen producir a prescrición da falta e sen que o procedemento caducado interrompa a prescrición, conforme as normas xerais do procedemento administrativo común.

A lei regula como medidas provisionais o arresto preventivo do presunto infractor, por exixencias da disciplina, o cesamento de funcións para evitar prexuízo ao servizo e, nos casos de faltas moi graves, o pase do interesado á situación administrativa de suspenso en funcións regulada na Lei da carreira militar.

Os principios de impulso de oficio, celeridade e eficacia tradúcense na simplificación de trámites e comunicacións que se poderán levar a cabo de forma directa e por medios electrónicos, evitando traslados intermedios e solicitando a colaboración de todos os órganos das administracións públicas.

No desenvolvemento do procedemento suprimíuse o trámite de formulación do prego de cargos xa que, despois do trámite de audiencia do expedientado en que se lle reciba declaración como primeira actuación e se lle fagan saber os seus dereitos, en particular o de defensa, o instrutor lle notificará o acordo de inicio do procedemento, que conterá un relato dos feitos imputados, a súa cualificación xurídica, a responsabilidade que se imputa e as posibles sancións que lle poidan ser impostas. O instrutor, así mesmo, informaráo do dereito que o asiste para a proposición de probas e do prazo para propoñelas. Na práctica das admitidas, incorporando o principio de contradición, posibilitase a asistencia e intervención do interesado e do seu avogado.

Ademais de exixirse na resolución que poña fin ao procedemento a motivación, se é o caso, da individualización sancionadora, incorpórase ao ámbito disciplinario militar para

non producir indefensión a exixencia do correlato entre a acusación e a defensa, de forma que o acordo sancionador se deberá fundar unicamente nos feitos que foron notificados polo instrutor ao expedientado, sen prexuízo da súa distinta cualificación xurídica sempre que exista homoxeneidade e non concorra maior gravidade na sanción.

VIII

Mantense o principio, tradicional no réxime disciplinario militar, da inmediata executividade das sancións, indisociable coa preservación de valores castrenses tan esenciais como o mantemento da disciplina ou a evitación de prexuízos irreparables ao servizo, ao tempo que se establecen as causas que xustifican a suspensión ou inexecución das sancións.

A lei incorpora como novidade a cancelación de oficio das anotacións por faltas disciplinarias, coa excepción das de separación do servizo e resolución de compromiso, sen prexuízo de que, por instancia de parte, se poida tamén instar a referida cancelación.

IX

Regúlase o recurso dealzada contra as resolucións disciplinarias, necesario para esgotar a vía administrativa e deixar expedita a xudicial, e determínase a autoridade ou mando que debe resolvelo. No caso de sancións impostas polos niveis inferiores de mando, como os xefes de compañía, sección, pelotón ou unidades similares, o recurso interporase directamente ante o xefe de rexemento ou comandante de unidade, e eliminarase o segundo recurso que prevía a lexislación anterior. O recurso de reposición só procede no caso de resolucións ditadas polo ministro de Defensa ou a Sala de Goberno do Tribunal Militar Central.

O sancionado pode solicitar a suspensión da sanción, con fundamento nas normas reguladoras do procedemento administrativo común, que se deberá denegar se se causa prexuízo á disciplina.

Superando o criterio restritivo das normas disciplinarias militares anteriores, finalmente declaradas inconstitucionais polo Tribunal Constitucional na sentenza 177/2011, do 8 de novembro, concédese a tutela xudicial a todos os sancionados na vía disciplinaria militar ao posibilitar a interposición do recurso contencioso-disciplinario militar ordinario contra as resolucións adoptadas nos recursos por faltas leves. En consecuencia, déixanse sen contido aqueles preceptos das leis orgánicas da competencia e organización da xurisdición militar e procesual militar afectados pola declarada inconstitucionalidade.

X

Incorpóranse á lei as oportunas disposicións adicionais, entre as cales destaca a que regula a aplicación do réxime disciplinario das Forzas Armadas ao persoal da Garda Civil cando actúe en misións de carácter militar ou integrado en unidades militares, as disposicións transitorias e a derogatoria única.

A disposición derradeira primeira modifica a Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdición militar, en relación coas competencias dos órganos xudiciais militares en materia disciplinaria. A derradeira segunda, ademais de regular a atribución a estes órganos da potestade disciplinaria militar, reformando a Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, realiza as modificacións pertinentes para posibilitar a tutela xudicial dos sancionados por faltas leves disciplinarias militares a través do recurso contencioso-disciplinario militar ordinario.

As disposicións derradeiras terceira e cuarta realizan as adaptacións precisas do articulado da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, á nova regulación desta Lei de réxime disciplinario das Forzas Armadas, particularmente en relación coas sancións de separación de servizo e resolución de compromiso, ou situacións de suspensión de emprego ou de funcións.

A disposición derradeira sétima establece a obriga do Ministerio de Defensa de remitir ao Observatorio da Vida Militar a memoria do exercicio anterior coa estatística de aplicación desta lei orgánica sobre procedementos disciplinarios e sancións impostas.

XI

Na súa tramitación, esta lei orgánica, como anteproxecto, foi sometida a informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Consello Fiscal, das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas, do Consello de Persoal das Forzas Armadas e do Consello de Estado.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xeraisArtigo 1. *Obxecto.*

Esta lei orgánica ten por obxecto regular o réxime disciplinario das Forzas Armadas coa finalidade de garantir a observancia das regras de comportamento dos militares, en particular a disciplina, a xerarquía e a unidade, que, de acordo coa Constitución e co resto do ordenamento xurídico, constitúen o código de conduta dos membros das Forzas Armadas.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Están suxeitos ao disposto nesta lei os militares que manteñen unha relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas, mentres non pasen a algunha situación administrativa en que teñan a súa condición militar en suspenso.

2. Aos reservistas seralles de aplicación cando se encontren incorporados ás Forzas Armadas.

3. Os alumnos dos centros docentes militares de formación e os aspirantes á condición de reservistas voluntarios no seu período de formación militar están suxeitos ao previsto nesta lei. As infraccións de carácter académico no ensino de formación non están incluídas no réxime disciplinario militar e sancionaranse de acordo coas súas normas específicas.

4. Así mesmo, quedarán suxeitos a esta lei os que pasen a ter calquera asimilación ou consideración militar, de conformidade coa Lei orgánica reguladora dos estados de alarma, excepción ou sitio.

Artigo 3. *Responsabilidade civil, penal e disciplinaria xudicial.*

O réxime disciplinario regulado nesta lei enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil e penal na cal poidan incorrer os membros das Forzas Armadas, así como do exercicio das potestades disciplinarias xudiciais, que se farán efectivas na forma prevista polas normas que as regulan.

Artigo 4. *Tramitación de procedemento penal polos mesmos feitos.*

1. A iniciación dun procedemento penal non impedirá a incoación e tramitación de expedientes disciplinarios polos mesmos feitos. Non obstante, a resolución definitiva do expediente só se poderá producir cando sexa firme a ditada naquel procedemento, cuxa declaración de feitos probados vinculará a Administración.

2. Só poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non haxa identidade de ben xurídico protexido.

3. O tempo transcorrido desde o inicio dun procedemento penal ata a comunicación á autoridade disciplinaria da súa resolución firme non se computará para a prescrición da infracción disciplinaria.

TÍTULO I

Faltas e sancións

CAPÍTULO I

Faltas

Artigo 5. *As faltas disciplinarias e as súas consecuencias.*

1. Son faltas disciplinarias as accións e omisións, dolosas ou imprudentes, previstas nesta lei.
2. As faltas disciplinarias poden ser leves, graves e moi graves.
3. A comisión de faltas disciplinarias dará lugar á imposición das sancións establecidas nesta lei.
4. A imposición de sancións disciplinarias enténdese sen prexuízo do exercicio das demais accións que teñan a súa orixe no feito constitutivo da infracción, por parte dos prexudicados ou da Administración.

Artigo 6. *Faltas leves.*

Son faltas leves, cando non constitúan infracción máis grave ou delito:

1. Emitir expresións ou realizar actos levemente irrespectuosos contra a Constitución, a Coroa e demais órganos, institucións ou poderes do Estado; a bandeira, escudo ou himno nacionais; as comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía ou administracións locais e os seus símbolos; as persoas e autoridades que as representan, así como as doutras nacións ou organizacións internacionais; as Forzas Armadas e os corpos que as compoñen, e outros institutos ou corpos de natureza militar, así como as súas autoridades e mandos militares.
2. A inexactitude no cumprimento das ordes ou instrucións dos superiores na estrutura orgánica ou operativa, así como dos requirimentos que reciba dun militar de emprego superior referentes ás disposicións e normas xerais de orde e comportamento.
3. A inexactitude no cumprimento dos deberes impostos polo dereito internacional aplicable en conflitos armados, así como dos propios do posto que desempeñe mentres preste os seus servizos en organizacións internacionais ou durante a súa participación en operacións militares.
4. Expresar publicamente opinións que, relacionadas estritamente co servizo nas Forzas Armadas, non se axusten aos límites derivados da disciplina, realizadas calquera delas de palabra, por escrito ou por medios telemáticos.
5. A inexactitude no cumprimento das ordes e instrucións dos sentinelas, forza armada, membros da policía militar, naval ou aérea ou dos compoñentes das gardas de seguridade, na súa función de axentes da autoridade, e a falta de consideración cara a eles.
6. A inobservancia das indicacións ou instrucións doutro militar que, aínda sendo de emprego igual ou inferior, se encontre de servizo e actúe en virtude de ordes ou consignas que estea encargado de facer cumprir.
7. Facer reclamacións ou peticións en forma ou termos irrespectuosos ou prescindindo das canles regradas.
8. A omisión de saúdo a un superior, non devolveo a outro militar de igual ou inferior emprego e o inexacto cumprimento das normas que o regulan.
9. A inexactitude no cumprimento das obrigas que correspondan no exercicio do mando e tratar os subordinados de forma desconsiderada ou invadir sen razón xustificada as súas competencias.
10. Dificultarlle a outro militar o exercicio dos dereitos que teña legalmente recoñecidos e a inexactitude ou descoido na tramitación regulamentaria das iniciativas, peticións, reclamacións ou queixas formuladas por subordinados.

11. A inexactitude no cumprimento das obrigas do destino ou posto, así como na prestación de calquera tipo de garda ou servizo.

12. A inexactitude no cumprimento das normas de seguridade e réxime interior, así como en materia de obrigada reserva.

13. O inexacto cumprimento na aplicación das normas de actuación do militar como servidor público, establecidas nas reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

14. A falta de interese na instrución ou preparación persoal.

15. O descoido no aseo persoal e a infracción das normas que regulan a uniformidade, así como levar insignias, condecoracións ou outros distintivos militares ou civís sen estar autorizado para iso.

16. Consumir bebidas alcohólicas durante o desempeño das súas funcións ou noutras ocasións en que o prohiban as normas militares.

17. A inexactitude no cumprimento das normas sobre baixa temporal para o servizo nas Forzas Armadas.

18. A falta de puntualidade ou o abandono temporal dos actos de servizo.

19. Non comunicarlles aos seus superiores, dentro do prazo de vinte e catro horas e sen causa xustificada, a existencia de causa que poida xustificar a ausencia do destino ou posto desempeñado. O prazo computarase desde o momento en que o interesado debía estar presente no destino, posto ou centro docente militar de formación.

20. Non incorporarse ou ausentarse, inxustificadamente, do destino ou posto desempeñado, ou do centro docente militar de formación en que curse os seus estudos, por un prazo inferior a vinte e catro horas, que se computará de momento a momento; o inicial será aquel en que o interesado debía estar presente no destino, posto ou centro docente militar de formación.

21. A inobservancia das normas relativas ao deber de residencia dos membros das Forzas Armadas.

22. Non comunicar na unidade, centro ou organismo do seu destino ou no que preste servizo o lugar do seu domicilio habitual ou temporal e os demais datos de carácter persoal que fagan posible a súa localización se o exixen as necesidades do servizo, así como desprazarse ao estranxeiro sen autorización, cando sexa preceptiva.

23. A inexactitude no cumprimento das regras de enfrontamento establecidas para as operacións en que participe.

24. O trato incorrecto coa poboación civil no desempeño das súas funcións.

25. A inexactitude no cumprimento das normas sobre prevención de riscos, protección da saúde e do ambiente, no ámbito das Forzas Armadas.

26. Ofender un compañeiro con accións ou palabras indecorosas ou indignas.

27. Acudir de uniforme a lugares ou establecementos incompatibles coa condición militar, comportarse de forma escandalosa ou realizar actos contrarios ao decoro exixible aos membros das Forzas Armadas.

28. Promover ou tomar parte en rifas entre compañeiros ou alteracións da boa orde que, sen afectar o interese do servizo, se realicen no curso de actividades militares, en instalacións militares, buques, aeronaves ou campamentos, ou durante exercicios ou operacións.

29. A inexactitude no cumprimento das normas ou medidas dirixidas a garantir a igualdade entre home e muller nas Forzas Armadas.

30. As expresións ou manifestacións de desprezo por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, orientación e identidade sexual, relixión, conviccións, opinión, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

31. A inexactitude no cumprimento da normativa sobre o exercicio do dereito de asociación profesional establecida na Lei orgánica de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, ou dificultar o seu lexítimo exercicio.

32. Os danos leves nas cousas e a subtracción de escasa contía realizados en instalacións militares, buques, aeronaves ou campamentos, ou durante exercicios ou operacións ou en acto de servizo.

33. O descoido na conservación do armamento, material ou equipamento de carácter oficial.

34. Auxiliar sen ser cooperador necesario ou encubrir o autor dunha falta disciplinaria grave.

35. As demais accións ou omisións non comprendidas nos puntos anteriores deste artigo que supoñan a inobservancia leve ou a inexactitude no cumprimento dalgunha das obrigas que sinalan a Lei orgánica de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, as reais ordenanzas para as Forzas Armadas e as demais disposicións que rexen o estatuto dos militares e o funcionamento das Forzas Armadas. O precepto infrinxido debe constar na resolución sancionadora.

Artigo 7. *Faltas graves.*

Son faltas graves, cando non constitúan falta moi grave ou delito:

1. Emitir manifesta e publicamente expresións contrarias, realizar actos irrespectuosos ou adoptar actitude de menosprezo cara á Constitución, á Coroa e aos demais órganos, institucións ou poderes do Estado; á bandeira, escudo e himno nacionais; ás comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía ou administracións locais e aos seus símbolos; ás persoas e autoridades que as representan, así como ás doutras nacións ou organizacións internacionais; ás Forzas Armadas, aos seus corpos e escalas, ás forzas e corpos de seguridade, así como ás súas autoridades e mandos.

2. A falta de respecto ou subordinación aos superiores na estrutura orgánica ou operativa e a inobservancia das súas ordes ou instrucións, así como dos requirimentos que reciba dun militar de emprego superior referentes ás disposicións e normas xerais de orde e comportamento.

3. O incumprimento das ordes e instrucións que reciba das autoridades e mandos estranxeiros de que dependa, nas estruturas civís ou militares en que estea integrado, mentres preste os seus servizos en organizacións internacionais ou durante a súa participación en operacións militares.

4. As expresións ou actos ofensivos e a inobservancia das ordes e instrucións de sentinelas, forza armada, membros da policía militar, naval ou aérea ou compoñentes das gardas de seguridade, na súa función de axentes da autoridade.

5. Facer peticións, reclamacións, queixas ou manifestacións contrarias á disciplina ou baseadas en aseveracións falsas, así como formulalas con carácter colectivo ou a través dos medios de comunicación social.

6. A incomparecencia inxustificada, cando sexa debidamente citado, ante os órganos competentes ou os instrutores de expedientes administrativos ou disciplinarios, así como ocultar ou alterar ante autoridades ou superiores o verdadeiro nome, circunstancia ou destino ou facer uso de documento que non corresponda á súa persoa.

7. Organizar, participar ou asistir a reunións clandestinas ou non autorizadas que se celebren en unidades militares.

8. As extralimitacións no exercicio da autoridade ou mando que non irroguen un prexuízo grave, os actos que supoñan vexación ou menosprezo e o abuso da súa posición de superioridade xerárquica, en relación cos seus subordinados militares ou civís, nacionais ou estranxeiros, ou dar ordes sen ter competencia para iso.

9. Dar ordes que sexan contrarias ao ordenamento xurídico ou que se refiran a cuestións alleas ao servizo.

10. A neglixencia na preparación, instrución e adestramento do persoal ás súas ordes.

11. Impedir ou limitar a outro militar o exercicio dos dereitos que teña legalmente recoñecidos; non tramitar ou devolver á súa orixe, sen darlles o debido curso regulamentario, as iniciativas, peticións, reclamacións ou queixas formuladas por subordinados ou non resolver nos prazos legais os recursos interpostos ante sancións impostas pola comisión de faltas disciplinarias.

12. O incumprimento dos deberes militares propios do destino ou posto que se desempeñe.
13. O incumprimento na aplicación das normas de actuación do militar como servidor público, establecidas nas reais ordenanzas para as Forzas Armadas.
14. O descoido na instrución ou preparación persoal cando ocasione prexuízo ao servizo.
15. Incumprir as obrigas do sentinela ou doutro servizo de armas, transmisións ou garda de seguridade sempre que non se cause grave dano ao servizo, así como abandonar outro tipo de servizos ou gardas distintos aos anteriores ou colocarse en estado de non poder cumprilos.
16. Ocasionar ou non impedir actos que supoñan risco para a seguridade dunha forza ou unidade militar, así como exhibir ou utilizar as armas de forma innecesaria ou inadecuada.
17. O incumprimento das normas regulamentarias relativas ao armamento, material e equipamento.
18. Non gardar a debida discreción sobre materias obxecto de reserva interna ou sobre asuntos relacionados coa seguridade e defensa nacional, así como facer uso ou difundir por calquera medio feitos ou datos non clasificados dos cales tivese coñecemento polo seu cargo ou función, en prexuízo do interese público.
19. Consumir bebidas alcohólicas durante un servizo de armas ou levándoas, así como a introdución e tenza de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas en instalacións militares ou campamentos, ou durante exercicios ou operacións.
20. O incumprimento dos prazos ou doutras disposicións en materia de incompatibilidades, cando non supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade.
21. Non incorporarse ou ausentarse, inxustificadamente, do seu destino, do posto desempeñado ou do centro docente militar de formación en que curse os seus estudos, por un prazo superior a vinte e catro horas, que se computará de momento a momento; o inicial será aquel en que o interesado debía estar presente no destino, posto ou centro docente militar de formación.
22. Ampararse nunha enfermidade suposta para non cumprir as súas funcións ou prolongar inxustificadamente a baixa temporal para o servizo.
23. O incumprimento das regras de enfrontamento establecidas para as operacións en que participe ou a inobservancia por imprudencia dos deberes establecidos polo dereito internacional aplicable nos conflitos armados.
24. Durante a actuación das Forzas Armadas en supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas, non prestar o auxilio posible aos cidadáns que o precisen, ou despreocuparse manifestamente pola súa seguridade ou benestar.
25. O incumprimento das normas sobre prevención de riscos, protección da saúde e do ambiente aplicables no ámbito das Forzas Armadas.
26. Incumprir un deber militar ou deixar de auxiliar inxustificadamente o compañeiro en perigo para evitar un risco propio.
27. Estar embriagado ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas en instalacións militares, buques, aeronaves ou campamentos, durante exercicios ou operacións, ou fóra deles, vestindo uniforme ou cando afecte a imaxe das Forzas Armadas, así como levar a cabo outros actos contrarios á dignidade militar susceptibles de producir descrédito ou menosprezo das Forzas Armadas.
28. Agredir, promover ou participar en rifas ou altercados con compañeiros que poidan deteriorar a convivencia na unidade ou en alteracións da boa orde no curso de actividades militares ou en instalacións militares, buques, aeronaves ou campamentos, ou durante exercicios ou operacións, cando afecten o interese do servizo.
29. Manter relacións sexuais en instalacións militares, buques, aeronaves ou campamentos, ou durante exercicios ou operacións, cando, polas circunstancias en que se leven a cabo ou pola súa transcendencia, atenten contra a dignidade militar.

30. Realizar, ordenar ou tolerar ou non denunciar actos que, de calquera modo, atenten contra a intimidade, a dignidade persoal ou no traballo ou supoñan discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero ou sexo, orientación e identidade sexual, relixión, conviccións, opinión, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

31. O incumprimento das normas e procedementos que regulan os rexistros persoais dos militares e as revistas, inspeccións e rexistros dos seus armarios, efectos e pertenzas.

32. Efectuar con publicidade manifestacións ou expresar opinións que supoñan infracción do deber de neutralidade política ou sindical. Fundar un partido político ou sindicato, así como constituír unha asociación que, polo seu obxecto, fins, procedementos ou calquera outra circunstancia conculque os deberes de neutralidade política ou sindical. Afiliarse a este tipo de organizacións ou promover as súas actividades, publicitalas, así como inducir ou convidar outros militares a que o fagan. Exercer cargos de carácter político ou sindical, ou aceptar candidaturas para eles, sen ter solicitado previamente o pase á situación legalmente establecida. Todo isto sen prexuízo do disposto nas normas especificamente aplicables aos reservistas.

33. Promover ou participar en accións de negociación colectiva ou en folgas, así como noutras accións concertadas que teñan por finalidade alterar o normal funcionamento das Forzas Armadas ou das súas unidades, publicitalas, ou inducir ou invitar outros militares a que as leven a cabo.

34. Organizar ou participar activamente en reunións ou manifestacións de carácter político ou sindical, así como organizar, participar ou asistir, vestindo de uniforme ou facendo uso da súa condición militar, a manifestacións ou reunións de carácter político, sindical ou reivindicativo que se celebren en lugares públicos.

35. O incumprimento da normativa sobre o exercicio do dereito de asociación profesional establecida na Lei orgánica de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, así como impedir ou limitar o seu lexítimo exercicio.

36. A inexactitude no cumprimento das normas e procedementos que regulan o exercicio do dereito de sufraxio activo.

37. Empregar para usos particulares medios ou recursos de carácter oficial ou facilitarlos a un terceiro.

38. Destruír, abandonar, deteriorar ou subtraer equipamento, bens, material ou outros efectos, así como adquirir ou posuír calquera dos ditos bens ou efectos con coñecemento da súa ilícita procedencia ou facilitarllelos a terceiros.

39. Quebrantar unha sanción ou unha medida disciplinaria previa ou provisional ou facilitar o seu incumprimento.

40. Auxiliar sen ser cooperador necesario ou encubrir o autor dunha falta disciplinaria moi grave.

41. Cometer falta leve tendo anotadas e non canceladas tres faltas leves, sancionadas con arresto.

Artigo 8. *Faltas moi graves.*

Son faltas moi graves, cando non constitúan delito:

1. O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución e a realización de actos irrespectuosos ou a emisión pública de expresións ou manifestacións contrarias ao ordenamento constitucional, á Coroa e ás demais institucións e órganos constitucionalmente recoñecidos, cando sexa grave ou reiterado.

2. Realizar reiteradamente actos contrarios á disciplina e subordinación debida aos superiores, tanto nacionais coma estranxeiros, así como incumplir de forma reiterada os deberes do servizo ou levar a cabo reiteradamente actos que atenten contra a dignidade militar.

3. Adoptar acordos ou ordenar a execución de actos manifestamente ilegais que causen prexuízo grave á defensa nacional, ao interese público ou aos cidadáns, así como

a obstaculización grave ao exercicio das liberdades públicas e dos dereitos fundamentais e de carácter profesional.

4. O incumprimento do deber de reserva sobre segredos oficiais e materias clasificadas.

5. As extralimitacións nas súas atribucións e abusos en relación cos seus subordinados militares ou civís, nacionais ou estranxeiros, cando sexan reiterados, así como provocar, ocasionar ou tomar parte activa, reiteradamente, en altercados coa poboación local, con outros membros do persoal militar estranxeiro ou do persoal civil da organización ou das estruturas ou forzas participantes na misión, ou doutras organizacións ou estruturas internacionais ou non gobernamentais.

6. Omitir por imprudencia a adopción das medidas ao seu alcance para evitar ou perseguir a infracción por parte dos seus subordinados dos deberes establecidos polo dereito internacional aplicable nos conflitos armados.

7. Durante a actuación das Forzas Armadas en supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas, non prestar o auxilio posible aos cidadáns que se encontren en grave perigo ou incumplir reiteradamente un deber militar para evitar un risco propio.

8. Estar embriagado ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas durante o desempeño do servizo ou de forma reiterada fóra del.

9. A negativa inustificada a someterse a recoñecemento médico, proba de alcoholemia ou detección do consumo de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou similares, lexitimamente ordenada pola autoridade competente e realizada por persoal autorizado, co fin de constatar a capacidade psicofísica para prestar servizo, así como a incomparecencia reiterada e inustificada, cando sexa debidamente citado, ante os órganos competentes ou os instrutores dos expedientes administrativos ou disciplinarios.

10. Incumplir grave ou reiteradamente as regras de enfrontamento establecidas para as operacións en que participe ou a inobservancia por imprudencia grave dos deberes establecidos polo dereito internacional aplicable nos conflitos armados.

11. O incumprimento das normas sobre incompatibilidades cando iso dea lugar a unha situación de incompatibilidade.

12. Realizar, ordenar ou tolerar actos que afecten a liberdade sexual das persoas ou impliquen acoso tanto sexual e por razón de sexo como profesional ou outros que, de calquera modo e de forma reiterada, atenten contra a intimidade, a dignidade persoal ou no traballo, ou supoñan discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero ou sexo, orientación e identidade sexual, relixión, conviccións, opinión, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

13. Infrinxir reiteradamente os deberes de neutralidade política ou sindical, ou as limitacións no exercicio das liberdades de expresión ou información, dos dereitos de reunión e manifestación e do dereito de asociación política ou profesional.

14. Ter sido condenado por sentenza firme en aplicación de leis distintas ao Código penal militar, á pena de prisión por un delito doloso ou á pena de prisión superior a un ano por delito cometido por imprudencia, en calquera dos casos cando afecte o servizo, a imaxe pública das Forzas Armadas, a dignidade militar ou cause dano á Administración.

15. O incumprimento das normas e procedementos que regulan o exercicio do dereito de sufraxio activo.

16. A infracción ou aplicación indebida das normas que regulan os procedementos de contratación administrativa, cometidas intencionadamente ou por negligencia grave en calquera clase de contrato que afecte a Administración militar, sempre que se cause un prexuízo ao interese público ou danos aos particulares.

17. Cometer falta grave tendo anotadas e non canceladas dúas faltas de igual ou superior gravidade.

Artigo 9. *Persoas responsables das faltas disciplinarias.*

Son responsables das faltas disciplinarias os que realicen, por si mesmos ou a través doutro, o feito constitutivo da infracción ou cooperen con actos sen os cales non se tería efectuado, así como os que induzan a outro a executalo.

Artigo 10. *Reiteración.*

Para os efectos desta lei, enténdese que unha conduta típica é reiterada cando se realiza en tres ou máis ocasións no período de dous anos, que se computará de data a data desde a comisión do primeiro, aínda que os feitos illados fosen sancionados.

CAPÍTULO II

Sancións

Artigo 11. *Sancións disciplinarias.*

1. As sancións que se poden impoñer por faltas leves son:
 - a) Reprensión.
 - b) Privación de saída dun a oito días.
 - c) Sanción económica dun a sete días.
 - d) Arresto dun a catorce días.
2. As sancións que se poden impoñer por faltas graves son:
 - a) Sanción económica de oito a quince días.
 - b) Arresto de quince a trinta días.
 - c) Perda de destino.
 - d) Baixa no centro docente militar de formación.
3. As sancións que se poden impoñer por faltas moi graves son:
 - a) Arresto de trinta e un a sesenta días.
 - b) Suspensión de emprego.
 - c) Separación do servizo.
 - d) Resolución de compromiso.

Artigo 12. *Reprensión.*

A reprensión é a reprobación disciplinaria expresa que, por escrito, dirixe o superior con competencia disciplinaria para impoñela a un subordinado para a súa anotación na folla de servizos.

Non constitúe sanción disciplinaria a advertencia ou amoestación verbal que, para o mellor cumprimento das obrigas, se pode facer no exercicio do mando.

Artigo 13. *Privación de saída.*

A privación de saída, aplicable aos alumnos dos centros docentes militares de formación, supón a permanencia do sancionado, fóra das horas de actividade académica, no centro ou unidade onde estea completando a súa formación, con supresión de saídas ata oito días como máximo.

Artigo 14. *Sanción económica.*

1. A sanción económica, dun a quince días, supón para o sancionado unha perda de retribucións durante o tempo de extensión da sanción, conforme o cálculo que se establece no artigo 60. Non producirá cambio na situación administrativa do sancionado.

2. Esta sanción non será aplicable aos alumnos dos centros docentes militares de formación.

Artigo 15. *Arresto por falta leve.*

O arresto dun a catorce días consiste na permanencia do sancionado, polo tempo que dure o arresto, no seu domicilio ou no lugar da unidade, acuartelamento, base, buque ou establecemento que se sinala na resolución sancionadora. Esta restrición de liberdade implica que o lugar do cumprimento non pode ser unha cela ou similar. O sancionado participará nas actividades da unidade e permanecerá nos lugares sinalados o resto do tempo.

Artigo 16. *Arresto por falta grave e moi grave.*

1. O arresto de quince a sesenta días consiste na privación de liberdade do sancionado e o seu internamento nun establecemento disciplinario militar durante o tempo polo que se impoña a dita sanción. O militar sancionado non participará nas actividades da unidade durante o tempo deste arresto.

2. Cando concorran circunstancias xustificadas e non se cause prexuízo á disciplina, poderase acordar o internamento noutro establecemento militar nas mesmas condicións de privación de liberdade, salvo o disposto no artigo 60.

3. Non producirá cambio na situación administrativa do sancionado.

Artigo 17. *Perda de destino.*

A sanción de perda de destino supón o cesamento no que ocupa o infractor, quen durante dous anos non poderá solicitar novo destino na mesma unidade ou, cando a resolución sancionadora de maneira motivada o exprese, na mesma localidade na cal se encontraba destinado.

Artigo 18. *Baixa no centro docente militar de formación.*

A sanción de baixa no centro docente militar de formación, aplicable aos que teñan a condición de alumnos dos ditos centros, supón a perda tanto da condición de alumno do centro como do emprego militar que se tivese alcanzado con carácter eventual, sen afectar o que se tiña antes de ser nomeado alumno.

Artigo 19. *Suspensión de emprego.*

A suspensión de emprego, aplicable unicamente aos militares profesionais, supón a privación de todas as funcións propias do emprego por un período mínimo dun mes e máximo dun ano, salvo no caso previsto no artigo 8.14, que será como máximo polo tempo de duración da condena.

Supoñerá o pase do sancionado á situación administrativa de suspensión de emprego.

Artigo 20. *Separación do servizo.*

A separación do servizo supón para o sancionado a perda da condición militar e a baixa nas Forzas Armadas, sen poder volver ingresar nelas voluntariamente e coa perda dos dereitos militares adquiridos, excepto o emprego e os dereitos que tivese recoñecidos no réxime de Seguridade Social que corresponda.

Para os alumnos dos centros docentes militares de formación, a imposición desta sanción comportará, ademais, a baixa no dito centro, con perda tanto da condición de alumno como do emprego militar que alcanzase con carácter eventual.

Artigo 21. Resolución de compromiso.

1. A resolución de compromiso supón o cesamento na relación de servizos profesionais de carácter temporal coas Forzas Armadas, establecido mediante a sinatura do correspondente compromiso, sen poder volver ingresar nelas voluntariamente.

2. Para os reservistas voluntarios, esta sanción terá os efectos de causar baixa nas Forzas Armadas, sen poder volver ingresar nelas voluntariamente, e a perda da condición de reservista.

3. Para os alumnos dos centros docentes militares de formación, a imposición desta sanción comportará, ademais, a baixa no dito centro, con perda tanto da condición de alumno como do emprego militar que alcanzase con carácter eventual.

Artigo 22. Criterios de gradación das sancións.

1. A imposición das sancións disciplinarias individualizarase conforme o principio de proporcionalidade e gardará a debida adecuación coa entidade e circunstancias da infracción, as que correspondan aos responsables, a forma e o grao de culpabilidade do infractor e os factores que afecten ou poidan afectar a disciplina e o interese do servizo, así como a reiteración da conduta sancionable, sempre que non se tivesen en conta pola lei ao describir a infracción disciplinaria, nin sexan de tal maneira inherentes á falta que sen a concorrencia deles non se podería cometer.

2. A condición de alumno e o desenvolvemento das súas actividades en centros docentes militares de formación e noutras unidades, centros ou organismos onde se encontren completando a súa formación serán tidos especialmente en consideración na aplicación dos preceptos desta lei, tendo en conta o valor formativo das advertencias ou amonestacións verbais.

3. A sanción de arresto prevista na presente lei para as faltas leves só se poderá impoñer cando se vise afectada a disciplina ou as regras esenciais que definen o comportamento dos membros das Forzas Armadas. A resolución sancionadora deberá ser motivada.

CAPÍTULO III

Extinción da responsabilidade disciplinaria*Artigo 23. Causas de extinción.*

1. A responsabilidade disciplinaria extingúese por calquera das causas seguintes:

- a) Cumprimento da sanción.
- b) Prescrición da falta ou da sanción.
- c) Perda da condición militar.
- d) Pase a retiro.
- e) Falecemento.

2. Cando durante a substanciación dun procedemento sancionador por falta grave ou moi grave deixe o interesado de estar sometido a esta lei, dítase resolución na cal se ordene o arquivamento das actuacións con invocación da súa causa. Se, antes do completo transcurso do prazo de prescrición da falta, volve quedar suxeito a esta lei, acordarase o reinicio do procedemento, que se tramitará na súa integridade.

Artigo 24. Prescrición de faltas.

1. As faltas leves prescribirán aos dous meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

Estes prazos comezarán a contarse desde o día en que a infracción se cometeu ou, se a falta consiste na existencia dunha sentenza condenatoria firme, desde que

formalmente conste que a autoridade ou o mando con competencia sancionadora recibiu o traslado da referida resolución xudicial.

2. Nas faltas graves e moi graves, a prescrición interromperase desde que se lle notificase ao presunto responsable o acordo de iniciación do procedemento sancionador, sen prexuízo do disposto no artigo 48.5 sobre caducidade.

Artigo 25. *Prescrición de sancións.*

As sancións impostas por falta leve prescribirán aos tres meses, as impostas por falta grave aos dous anos e as impostas por falta moi grave aos tres anos. Estes prazos comezarán a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución sancionadora ou desde o día en que debería ter comezado o cumprimento da sanción. A prescrición interromperase desde que se inicie o cumprimento da sanción ou cando, por calquera motivo non imputable ás autoridades ou aos mandos con potestade disciplinaria, o dito cumprimento sexa imposible ou se suspenda.

TÍTULO II

Potestade disciplinaria e competencia sancionadora

CAPÍTULO I

Potestade disciplinaria

Artigo 26. *Autoridades e mandos con potestade disciplinaria.*

Teñen potestade para impoñer sancións ao persoal ás súas ordes na estrutura, tanto orgánica como operativa, en que exerzan as súas funcións:

Primeiro. O ministro de Defensa.

Segundo. O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

Terceiro. Os oficiais xenerais con mando ou dirección sobre forza, unidade, centro ou organismo.

Cuarto. Os xefes de rexemento ou unidade similar, os comandantes de forza, unidade ou buque de guerra e os xefes ou directores de centro ou organismo.

Quinto. Os xefes de batallón, grupo ou escuadrón aéreo ou unidade similar.

Sexto. Os xefes de compañía ou unidade similar.

Sétimo. Os xefes de sección ou unidade similar.

Oitavo. Os xefes de pelotón ou unidade similar.

Artigo 27. *Potestade disciplinaria a bordo dos buques de guerra.*

A potestade disciplinaria a bordo dos buques de guerra exércena os seus comandantes e as autoridades disciplinarias das cales dependan.

Non obstante, os mandos das unidades embarcadas en tránsito, que non constitúan dotación do buque, conservarán a facultade de sancionar o persoal que estea ás súas ordes, durante o transporte, sempre que a acción cometida non afecte a seguridade nin as normas de réxime interior establecidas no buque.

Artigo 28. *Potestade disciplinaria sobre os membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións xudiciais ou fiscais.*

1. A potestade disciplinaria sobre os membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións xudiciais será exercida polos presidentes dos correspondentes tribunais militares territoriais e polo auditor presidente do Tribunal Militar Central. Correspóndelle

exclusivamente á Sala de Goberno do Tribunal Militar Central a potestade de impoñer sancións por faltas moi graves.

2. A potestade disciplinaria sobre os membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións fiscais será exercida polo ministro de Defensa, o fiscal togado ou polos fiscais xefes das respectivas fiscalías onde sirva destino o infractor.

3. A competencia disciplinaria nos supostos anteriores será exercida sen prexuízo do que dispoñan as leis sobre organización dos órganos xudiciais e fiscais militares.

Artigo 29. Potestade disciplinaria sobre os membros do corpo militar de intervención que exerzan funcións interventoras.

A potestade disciplinaria sobre os membros do corpo militar de intervención, que exerzan funcións interventoras, será exercida polo ministro de Defensa ou polos xefes do seu propio corpo de que dependan organicamente.

Artigo 30. Deber de corrección.

Todo militar ten o deber de corrixir as infraccións que observe nos de inferior emprego, estean ou non subordinados directamente a el, calquera que sexa o Exército ou corpo a que pertencen. Se ademais as xulga merecedoras de sanción, farao por si mesmo se ten competencia sancionadora e, se non a ten, dará parte directa e inmediatamente a quen a teña, e informará de tal circunstancia o seu inmediato superior.

Artigo 31. Medidas cautelares.

1. As autoridades e os mandos con potestade disciplinaria e os militares que exerzan o mando dunha garda ou servizo poderán acordar respecto do infractor que lles estea subordinado por razón do cargo, destino, garda ou servizo, o arresto cautelar por un período máximo de corenta e oito horas, ante a comisión dunha falta disciplinaria e cando sexa necesaria tal medida para restablecer de maneira inmediata a disciplina. Este arresto cumprirse na unidade á cal pertenza o infractor ou no lugar que se designe.

Así mesmo, poderán acordar o cesamento nas súas funcións do infractor que lles estea subordinado, por un prazo máximo de dous días cando a falta cometida poida ocasionar prexuízos ao servizo. Este cesamento cautelar non terá ningunha repercusión nas retribucións do infractor.

2. A imposición destas medidas comunicárase de maneira inmediata á autoridade ou mando con competencia para sancionar a falta cometida, que poderá mantelas ou levantalas. En todo caso, quedarán sen efecto unha vez transcorrido o prazo máximo da súa duración e o arresto cautelar será de aboamento, se a súa natureza o permite, para o cumprimento da sanción que, se é o caso, se impoña.

3. Se o procedemento disciplinario finaliza sen declaración de responsabilidade por parte do expedientado por inexistencia de infracción ou cunha sanción de arresto de menor duración temporal á da medida previa adoptada, será compensada, por cada día de exceso en que permaneceu arrestado, cunha indemnización que será o importe fixado para a axuda de custo en territorio nacional.

4. Contra a imposición das medidas expresadas neste artigo, o interesado poderá interpoñer directamente recurso contencioso-disciplinario militar nos termos previstos na lexislación procesual militar.

CAPÍTULO II

Competencia sancionadora

Artigo 32. Competencia de autoridades e mandos.

As autoridades e os mandos con potestade disciplinaria, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán impoñer as seguintes sancións:

1. O ministro de Defensa, todas as sancións disciplinarias.
2. O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, todas as sancións excepto a separación do servizo.

O subsecretario de Defensa poderá impoñer ao persoal destinado nas estruturas central e periférica do Ministerio de Defensa e aos organismos autónomos dependentes do departamento as sancións a que se refire o parágrafo anterior.

3. Os oficiais xenerais con mando ou dirección sobre forza, unidade, centro ou organismo, todas as sancións por falta leve e grave, excepto a perda de destino.

4. Os xefes de rexemento ou unidade similar, os comandantes de forza, unidade ou buque de guerra e os xefes ou directores de centro ou organismo, todas as sancións por falta leve.

5. Os xefes de batallón, grupo ou escuadrón aéreo ou unidade similar, as sancións de repreñión, sanción económica ata sete días e arresto ata cinco días.

6. Os xefes de compañía ou unidade similar, as sancións de repreñión, sanción económica ata cinco días e arresto ata tres días.

7. Os xefes de sección ou unidade similar, as sancións de repreñión e sanción económica ata tres días.

8. Os xefes de pelotón ou unidade similar con categoría de suboficial, a sanción de repreñión.

9. Os mandos interinos e accidentais terán as mesmas competencias sancionadoras que os titulares aos cales substitúan.

Os oficiais xenerais con potestade disciplinaria, os xefes de rexemento ou unidade similar, os comandantes de forza, unidade ou buque de guerra e os xefes ou directores de centro ou organismo poderán delegar competencias sancionadoras nos mandos subordinados que se encontren á fronte de unidades destacadas ou illadas; será preceptiva a comunicación ao persoal afectado pola dita delegación das facultades outorgadas.

Artigo 33. *Competencia sancionadora sobre os alumnos dos centros docentes militares de formación.*

1. A competencia sancionadora en relación cos alumnos dos centros docentes militares de formación poderá ser exercida polas autoridades e mandos a que se refiren os números 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do artigo 32. Para tales efectos, entenderanse incluídos no número 5 de tal precepto os xefes de estudos e instrución e os xefes de unidades de encadramento de entidade batallón ou similar. No número 6 do mesmo artigo consideraranse comprendidos os xefes de unidades de encadramento de entidade compañía ou similar. Tales mandos, ademais das competencias sancionadoras que lles atribúe o artigo 32, poderán impoñer aos alumnos a sanción de privación de saída do centro docente militar de formación ata oito días no caso dos xefes de estudo ou instrución, ata seis días no caso dos xefes de unidades de encadramento de entidade batallón ou similar, e ata catro días no caso dos xefes de unidades de encadramento de entidade compañía ou similar.

2. Así mesmo, entenderase incluído no número 3 do artigo 32 o titular do órgano responsable en materia de ensino militar en relación cos alumnos dos corpos comúns das Forzas Armadas.

3. A imposición da sanción de baixa no centro docente militar de formación corresponderá ao subsecretario de Defensa.

Artigo 34. *Competencia sancionadora sobre os reservistas.*

A competencia sancionadora en relación cos reservistas exercerase de acordo coas normas xerais establecidas nesta lei, aínda que a imposición aos reservistas voluntarios

da sanción de resolución de compromiso coas Forzas Armadas corresponderá ao subsecretario de Defensa.

Artigo 35. *Competencia sancionadora sobre o persoal en supostos especiais.*

1. As faltas disciplinarias cometidas polos militares que non ocupen destino, ou o desempeñen en organismos alleos á estrutura do Ministerio de Defensa, poderán ser sancionadas polo ministro de Defensa, o xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa, os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e polos xefes do mando ou xefatura de persoal do exército correspondente.

2. A competencia sancionadora sobre os militares españois que ocupen destinos en organizacións internacionais corresponderá ao ministro de Defensa, ao xefe do Estado Maior da Defensa, ao oficial xeneral español que exerza mando ou dirección na organización e, se é o caso, ao oficial español de maior emprego e antigüidade de entre os destinados na organización, quen terá a competencia sancionadora prevista no número 4 do artigo 32.

3. Corresponderá exclusivamente ao ministro de Defensa e ao subsecretario de Defensa a competencia sancionadora sobre os representantes das asociacións profesionais que sexan membros do Consello de Persoal das Forzas Armadas e os seus suplentes, polas faltas cometidas no desempeño da súa actividade neste órgano.

CAPÍTULO III

Unidades e persoal destacados en zona de operacións

Artigo 36. *Ámbito persoal de aplicación.*

Está suxeito ás disposicións deste capítulo o persoal militar español que, a título individual ou formando parte de unidades ou agrupamentos tácticos, pase a integrarse nunha estrutura operativa en zona de operacións.

Artigo 37. *Ámbito temporal.*

A potestade disciplinaria sobre o dito persoal será exercida polas autoridades e mandos da cadea de mando nacional na estrutura operativa desde o momento en que, segundo a correspondente documentación operativa, se produza a súa integración na dita estrutura e ata o seu retorno á estrutura orgánica.

As citadas autoridades e mandos serán tamén competentes para a resolución dos recursos disciplinarios interpostos contra as sancións impostas no ámbito da estrutura operativa, mesmo cando o recorrente retornase á estrutura orgánica.

Artigo 38. *Potestade disciplinaria.*

Os militares integrados na estrutura operativa, destinados ou destacados en zona de operacións, individualmente ou formando parte de unidades e que fosen designados comandantes, xefes ou responsables dunha forza, continxente, representación, unidade ou agrupamento táctico de calquera entidade terán potestade disciplinaria para sancionar os militares que teñan baixo as súas ordes no cumprimento da misión, de acordo co disposto no artigo 26, sen prexuízo do previsto neste capítulo.

Artigo 39. *Competencia sancionadora.*

1. O militar comandante, xefe ou responsable de forza, continxente, representación ou unidade poderá impoñer ao persoal militar ás súas ordes todas as sancións por falta leve e as correspondentes ás faltas graves, excepto a perda de destino, se non lle corresponden outras superiores de acordo co establecido no artigo 32.

Cando un agrupamento táctico, núcleo ou equipo deba desempeñar un labor que o obrigue a actuar illado da súa base, o seu xefe poderá impoñer polo menos as sancións previstas no número 6 do artigo 32.

2. Os mandos con potestade disciplinaria poderán delegar competencias sancionadoras nos seus mandos subordinados, conforme os termos que se establezan na correspondente documentación operativa, e será preceptiva a comunicación ao persoal afectado pola dita delegación das facultades outorgadas.

Artigo 40. *Cumprimento da sanción.*

1. Na resolución sancionadora poderase dispoñer que o cumprimento da sanción se efectúe unha vez finalizada a misión e, se é o caso, en territorio nacional. Durante o período que medie entre a imposición da sanción e a finalización da misión quedará interrompida a prescrición da sanción.

2. No caso de que as sancións se cumpran en zona de operacións, a súa execución non implicará que o sancionado cese nas actividades que lle correspondan, salvo que así se dispoña motivadamente.

TÍTULO III

Procedemento sancionador

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 41. *Principios xerais do procedemento.*

1. Para a imposición de calquera sanción disciplinaria será preceptivo tramitar o procedemento que corresponda de acordo coas normas que se establecen neste título.

2. O procedemento axustarase aos principios de legalidade, imparcialidade, publicidade, contradición, impulso de oficio, celeridade e eficacia, e respectará os dereitos á presunción de inocencia, información da acusación disciplinaria, audiencia previa, defensa do infractor, utilización dos medios de proba pertinentes e dereito a interpoñer os recursos correspondentes.

3. Antes de iniciar un procedemento, a autoridade competente poderá ordenar a práctica dunha información previa para o esclarecemento dos feitos, cando non revistan en principio os caracteres dunha infracción disciplinaria nin de delito.

4. Na resolución que poña fin a un procedemento por falta grave ou moi grave poderán ser sancionadas as faltas imputables ao expedienteado que resulten dos feitos de menor gravidade que lle fosen notificados e non prescribisen.

Artigo 42. *Parte disciplinario.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 30, todo militar que observe ou teña coñecemento dun feito ou conduta que constitúa infracción disciplinaria e non teña competencia sancionadora formulará, directa e inmediatamente, parte disciplinario a quen a teña para sancionar a falta ou ordenar a instrución do oportuno expediente disciplinario, e informará de tal circunstancia o seu inmediato superior.

O parte disciplinario conterá un relato claro e breve dos feitos, as súas circunstancias, a súa posible cualificación e a identidade do presunto infractor. Estará asinado por quen o emita, que deberá facer constar os datos necesarios para a súa identificación.

Artigo 43. *Notificación e comunicación da resolución.*

A autoridade ou o mando que teña competencia para sancionar notificaralle a resolución que adoptase ao interesado e comunicarlle por escrito a quen deu parte e, se é o caso, a quen deba ordenar a anotación na documentación do infractor.

Artigo 44. *Infracción de maior gravidade.*

1. Dentro dos quince días contados desde o seguinte ao da notificación da resolución pola que se impoña unha sanción por falta leve, a autoridade ou o mando competente ordenará, se ao seu xuízo os feitos sancionados poden ser constitutivos dunha falta grave ou moi grave, a apertura do procedemento correspondente, ou dará parte á autoridade competente para iso.

2. Se o sancionado interpuxer recurso contra a sanción por falta leve, este acumularase ao novo procedemento.

3. Este procedemento, que se tramitará conforme o disposto no capítulo III deste título, deberá concluír ben confirmando a sanción imposta, ben deixándoa sen efecto ou ben apreciando a existencia dunha falta grave ou moi grave; neste caso, revogarase a sanción anterior, impoñerase a sanción disciplinaria que corresponda e aboarase, se for posible, a sanción xa cumprida.

Artigo 45. *Cómputo de prazos.*

1. Cando os prazos establecidos en materia de procedemento e recursos se sinalen por días, entenderase que estes son hábiles; excluíranse do cómputo os domingos e os declarados festivos.

2. Cando o prazo se exprese en meses ou anos, estes computaranse de data a data, a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate. Se no mes de vencemento non houber día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

4. Os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

CAPÍTULO II

Procedemento para faltas leves

Artigo 46. *Tramitación.*

1. Para a imposición dunha sanción por falta leve, a autoridade ou mando que teña competencia para iso seguirá un procedemento preferentemente oral, no cal verificará a exactitude dos feitos, oír o presunto infractor en relación con eles, e informaráo en todo caso do seu dereito a gardar silencio, a non declarar contra si mesmo, a non se confesar culpable e á presunción de inocencia, comprobará despois se están tipificados nalgún dos puntos do artigo 6 e, se procede, impoñerá a sanción que corresponda, graduándoa de acordo co disposto no artigo 22.

2. No trámite de audiencia, o presunto infractor será notificado de que poderá instar a práctica de probas, alegar e presentar os documentos e xustificacions que xulgue pertinentes, así como de que poderá contar co asesoramento e a asistencia a que se refire o artigo 50.2.

Artigo 47. *Resolución sancionadora.*

1. A resolución sancionadora conterá, en todo caso, un sucinto relato dos feitos, as manifestacións do infractor, a cualificación da falta cometida con indicación do punto do

artigo 6 en que está incluída, a sanción que se impón e, se é o caso, as circunstancias do seu cumprimento.

2. A resolución será notificada por escrito ao interesado, con expresa indicación dos recursos que contra ela procedan, o prazo hábil para interpoñer recurso e a autoridade ou o mando ante quen se deba interpoñer. Así mesmo, comunicárase por escrito a quen deo ou parte e, se é o caso, a quen deba ordenar a anotación na documentación do sancionado.

CAPÍTULO III

Procedemento para faltas graves e moi graves

Sección 1.^a Inicio

Artigo 48. *Orde de incoación, ordenación e prazo de tramitación.*

1. O procedemento disciplinario por faltas graves e moi graves iníciase por orde de incoación da autoridade ou mando que teña competencia para sancionalas, por propia iniciativa, como consecuencia de orde superior, en virtude de parte disciplinario, recepción de testemuño de particulares conforme a Lei orgánica procesual militar, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia presentada por quen non teña condición militar.

2. A orde de incoación conterá un relato dos feitos que a motivan, con indicación da falta que presuntamente se cometese, das posibles sancións que poidan ser impostas e, cando fose identificado, do presunto responsable, e irá acompañada, de ser o caso, do parte disciplinario, da denuncia ou de copia da sentenza condenatoria firme.

3. O procedemento, sometido ao criterio de celeridade, seguirase por escrito e impulsárase de oficio en todos os seus trámites.

4. O prazo máximo en que se debe tramitar o procedemento e notificar ao interesado a resolución adoptada no procedemento é dun ano, cuxo cómputo quedará automaticamente suspendido nos seguintes casos:

a) Cando se produza a paralización do procedemento ou non sexa posible a práctica dalgún acto procesual por causa imputable ao expedientado.

b) Cando se deba requirir calquera interesado para a emenda de deficiencias ou a achega de documentos ou doutros elementos de xuízo necesarios, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario ou, no seu defecto, o transcurso do prazo concedido.

c) Cando se deban solicitar informes preceptivos ou que sexan determinantes do contido da resolución a un órgano de calquera Administración, polo tempo que medie entre a petición, que se deberá comunicar ao expedientado, e a recepción do informe, que igualmente deberá serlle comunicada. Esta suspensión non poderá exceder os tres meses.

d) Cando se deban realizar probas técnicas ou análises contraditorias propostas polos expedientados, durante o tempo necesario para a incorporación dos resultados ao procedemento. Esta suspensión non poderá exceder os tres meses.

5. O vencemento do prazo máximo de tramitación, unha vez descontados os períodos de suspensión, sen que se ditase e notificase a resolución ao expedientado producirá a caducidade do procedemento. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivamento das actuacións.

A caducidade non producirá por si soa a prescrición da falta, pero o procedemento caducado non interromperá a prescrición.

Artigo 49. *Instructor e secretario.*

1. Ao ordenar a incoación do procedemento, a autoridade competente designará un instructor a cargo do cal correrá a súa tramitación.

2. O nomeamento de instrutor recaerá nun oficial do corpo xurídico militar ou nun oficial coa formación adecuada que dependa da autoridade competente para ordenar a incoación, que sexa de emprego superior ou máis antigo que o de maior gradación dos expedientados. De non existir ningún oficial que reúna estas condicións, porao en coñecemento da autoridade superior e solicitará o dito nomeamento.

En todo caso, se o procedemento se inicia pola presunta comisión dunha falta moi grave, o nomeamento de instrutor recaerá sempre nun oficial do corpo xurídico militar.

3. O nomeamento de instrutor recaerá nun oficial do corpo xurídico militar que exerza funcións xudiciais ou fiscais, segundo corresponda, cando o procedemento se dirixa contra un presunto responsable que desempeñe funcións xudiciais ou fiscais.

4. O instrutor designará un secretario que o asista. É responsabilidade do secretario a custodia do expediente, o seu indexado e foliación correlativa e a integración de todo o actuado nun conxunto ordenado que facilite o seu exame e comprensión por parte de todas as instancias que interveñen no procedemento.

5. Serán de aplicación ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A abstención e a recusación, cuxa interposición non paralizará o procedemento, presentaranse perante a autoridade que acordou a incoación, contra cuxa resolución non caberá ningún recurso, sen prexuízo de que se poida facer valer a causa de recusación nos recursos que se interpoñan contra a resolución que poña fin ao procedemento.

Artigo 50. *Dereitos de defensa.*

1. Asisten o expedientado os dereitos a non declarar, a non facelo contra si mesmo, a non se confesar culpable e á presunción de inocencia.

O instrutor garantirá en todo momento o dereito de defensa do expedientado e adoptará para tal fin as medidas necesarias.

2. O expedientado poderá contar, en todas as actuacións a que dea lugar o procedemento, co asesoramento e a asistencia dun avogado en exercicio ou dun militar da súa confianza coa formación adecuada que elixa para o efecto. De optarse por esta segunda posibilidade, as autoridades e os mandos correspondentes facilitarán ao militar designado a asistencia ás comparecencias persoais do expedientado ante as autoridades disciplinarias ou instrutores dos expedientes, e o seu asesoramento será sempre voluntario, sen que tal designación confira ningún dereito ao resarcimento polos gastos que poidan derivar da asistencia.

Nos supostos do artigo 36 da presente lei, durante a navegación de buques de guerra ou noutras circunstancias excepcionais nas cales non resulte posible a presenza de avogado, garantiráselle en todo caso ao presunto infractor o asesoramento e a asistencia dun militar da súa confianza da unidade ou buque, sen prexuízo de facilitarlle, ademais, a posibilidade de contactar por vía telefónica ou telemática cun avogado da súa elección que o asesore, sempre que as circunstancias o permitan.

3. Desde o coñecemento por parte do expedientado da incoación do procedemento ata a súa primeira declaración deberán transcorrer, polo menos, corenta e oito horas.

4. O expedientado, o seu avogado ou o militar designado, a teor do previsto no número 2, poderán coñecer en calquera momento o estado de tramitación do procedemento; daráselles vista deste nos lugares e durante o horario que se sinale, e poderán obter copia das actuacións practicadas, sempre que non lles fosen facilitadas con anterioridade. Todo isto sen prexuízo de que lles poidan ser remitidos a través de medios electrónicos, de conformidade co previsto no artigo 52 desta lei.

Artigo 51. *Medidas provisionais.*

1. Cando a natureza e as circunstancias dunha falta con aparencia fundada de responsabilidade disciplinaria grave exixan unha acción inmediata, pola transcendencia do risco que a súa non adopción poida entrañar para o mantemento da disciplina, a

autoridade que acordase a incoación do procedemento poderá ordenar motivadamente o arresto preventivo do presunto infractor nun establecemento disciplinario militar ou no lugar que se designe. En ningún caso poderá permanecer nesta situación máis de vinte días, que lle serán de aboamento para o cumprimento da sanción que lle poida ser imposta.

2. A mesma autoridade, de non ter adoptado a medida prevista no punto anterior e para evitar prexuízo ao servizo, poderá dispoñer motivadamente o cesamento de funcións do presunto infractor por tempo que non exceda os vinte días.

3. Se o procedemento disciplinario finaliza sen declaración de responsabilidade por inexistencia de infracción do expedientado ou cunha sanción de arresto de menor duración temporal á da medida provisional adoptada, aplicaráselle as compensacións establecidas no artigo 31.3.

4. Cando o procedemento se tramite pola comisión de falta moi grave, a autoridade que acordou a súa incoación poderá acordar, motivadamente, o pase do interesado á situación administrativa de suspensión de funcións regulada na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

O militar na dita situación provisional terá dereito a percibir as retribucións que regulamentariamente lle correspondan, excepto nos casos de incomparecencia no expediente disciplinario ou paralización do procedemento imputable ao interesado, en que se lle poderá ordenar ao órgano pagador a retención de toda retribución mentres se manteña a dita causa.

5. En todo caso, antes de acordar calquera das medidas provisionais ou o cambio de situación a que se refiren os puntos anteriores, será preceptivo o informe do asesor xurídico correspondente.

6. Contra a resolución que acorde a adopción das medidas provisionais previstas nos números 1 e 2, o interesado poderá interpoñer directamente recurso contencioso-disciplinario militar conforme a Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesal militar.

No suposto do cambio de situación administrativa prevista no número 4, poderá promover recurso de alzada ou, se é o caso, potestativo de reposición, ante o ministro de Defensa.

Artigo 52. *Comunicacións, impulso e tramitación.*

1. As comunicacións entre o instrutor do procedemento e as autoridades, mandos e organismos de quen resulte necesaria a práctica de dilixencias encamiñadas á investigación dos feitos ou do presunto responsable efectuaranse directamente, sen traslados intermedios, dando conta ao xefe da unidade, centro ou organismo correspondente. No ámbito da estrutura operativa, estas comunicacións encamiñaranse seguindo a cadea de mando definida na documentación operativa da operación de que se trate.

2. As comunicacións poderán levarse a cabo, no posible, a través de medios electrónicos, sempre que reúnan os requisitos exixidos en materia de comunicacións electrónicas.

3. Todos os órganos das administracións públicas prestarán, dentro das súas respectivas competencias e de acordo coa normativa pola cal e rexan, a colaboración que lles sexa requirida durante a tramitación do procedemento disciplinario.

4. A orde de incoación comunicáraselle ao fiscal xurídico militar.

Artigo 53. *Notificacións.*

1. As notificacións que se deban levar a cabo no procedemento practícaranse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado, aqueles que lle presten o asesoramento e asistencia para a súa defensa a que fai referencia o artigo 50 desta lei, así como a data, a identidade e o contido do acto.

As notificacións realizaranse de tal maneira que queden sempre garantidos os dereitos á intimidade e dignidade persoal e á protección de datos.

2. Cando o interesado refuse a notificación dunha resolución ou dun acto de trámite, farase constar nas actuacións, especificando as circunstancias do intento de notificación, e este terase por efectuado seguindo o procedemento.

3. Cando non se poida practicar unha notificación, por non ser localizado o interesado na súa unidade ou no seu domicilio declarado, efectuarase por medio da publicación de edictos no taboleiro de anuncios da súa unidade e no Boletín Oficial del Ministerio de Defensa, e continuarán as actuacións. O trámite de notificación domiciliaria entenderase cumprido unha vez efectuados, no prazo de tres días, dous intentos levados a cabo en días e horas diferentes.

Sección 2.^a Desenvolvemento

Artigo 54. *Audiencia do expedientado e acordo de inicio.*

1. A orde de incoación do procedemento, co nomeamento de instrutor, notificaráselle ao expedientado con copia de toda a documentación recibida, facéndolle saber o seu dereito a contar co asesoramento e asistencia para a súa defensa a que fai referencia o artigo 50 desta lei. O instrutor designará un secretario de acordo co artigo 49.4 desta lei, cuxo nomeamento tamén se lle notificará ao interesado.

2. O instrutor, como primeira actuación, tomará declaración ao expedientado, citándoo a través do xefe da súa unidade.

3. Seguidamente, notificaráselle ao expedientado o acordo de inicio do instrutor, que conterá un relato dos feitos imputados, a cualificación xurídica destes conforme esta lei, a responsabilidade que se imputa ao presunto infractor e as posibles sancións que lle poidan ser impostas.

No mesmo acto será informado o expedientado do dereito que o asiste á proposición das probas que xulgue convenientes para a súa defensa e concedéraselle para iso un prazo que non exceda os dez días.

4. Nos expedientes instruídos pola presunta falta moi grave prevista no artigo 8.14 desta lei, darase traslado ao expedientado da sentenza firme que deu orixe ao procedemento.

Artigo 55. *Proba.*

Realizados os trámites previstos no artigo anterior, o instrutor procederá á práctica das probas acordadas de oficio ou propostas polo expedientado e admisibles en dereito que xulgue pertinentes, e poderá denegar a daquelas que considere impertinentes, innecesarias, inútiles ou que non garden relación cos feitos investigados. A resolución que para estes efectos adopte será motivada e notificada ao interesado, e contra ela non caberá ningún recurso, sen prexuízo de que aquel poida reproducir a petición das probas que fosen denegadas no recurso contra a resolución do expediente.

A práctica das probas admitidas, así como das que, se é o caso, acorde de oficio o instrutor, notificarase previamente e con antelación suficiente, mínima de corenta e oito horas, con indicación do lugar, a data e a hora en que se deba realizar, con advertencia de que pode asistir a elas e intervir nelas o interesado asistido do avogado ou militar designado.

As probas admitidas poderanse levar a cabo mediante o uso de medios técnicos, sempre que quede garantido o respecto dos dereitos fundamentais e o principio de proporcionalidade, e deberá acordarse por resolución motivada.

Artigo 56. *Proposta de resolución.*

1. O instrutor, cando considere concluso o expediente, formulará proposta motivada de resolución, na cal fixará con precisión os feitos, manifestará se son constitutivos de infracción disciplinaria, con indicación, se é o caso, de cal é esta e da responsabilidade do expedientado, e propoñerá a imposición da sanción que ao seu xuízo corresponda.

2. A proposta de resolución será notificada ao expedientado, ao cal se dará vista do procedemento, para que, no prazo de dez días, poida alegar canto considere conveniente á súa defensa.

3. Formuladas as alegacións, ou transcorrido o prazo para isto, remitirase o procedemento, con carácter inmediato, á autoridade que ordenou a súa incoación.

4. Se o expedientado, por escrito ou en comparecencia ante o instrutor e secretario mostra expresa conformidade coa imputación e sanción contida na proposta de resolución notificada polo instrutor, elevará este o procedemento á autoridade competente para resolver.

Artigo 57. *Terminación do procedemento sen responsabilidade e outros supostos.*

1. Se en calquera fase do procedemento, o instrutor deduce a inexistencia de responsabilidade disciplinaria, propoñerá a terminación do expediente sen declaración de responsabilidade, expresando as causas que a motivan.

2. En calquera momento do procedemento en que se aprecie que a presunta infracción disciplinaria pode ser cualificada como infracción administrativa doutra natureza ou como infracción penal, ou se aparecen indicios de responsabilidade por feitos distintos dos que deran lugar á incoación do expediente, poñerase en coñecemento da autoridade que o ordenase.

3. O instrutor procederá de igual modo cando, iniciado un procedemento por falta grave, considere que os feitos poidan ser constitutivos dunha falta moi grave.

4. O instrutor, cando teña coñecemento da tramitación dun procedemento penal sobre os mesmos feitos, solicitará do correspondente órgano xurisdiccional comunicación verbo das actuacións xudiciais.

Sección 3.^a Terminación

Artigo 58. *Dilixencias complementarias.*

1. Recibido o expediente coa proposta de resolución, a autoridade que dispuxo a súa incoación acordará, se ten competencia para iso, a imposición da sanción que corresponda á falta que considere cometida ou a terminación do procedemento sen responsabilidade.

Poderá, así mesmo, de estimalo incompleto, acordar a devolución ao instrutor para a práctica das dilixencias complementarias ou para emendar os defectos que se cometesen na súa tramitación ou, se é o caso, para que formule nova proposta de resolución que inclúa unha cualificación xurídica dos feitos imputados ou unha sanción de superior gravidade, e concederlle ao expedientado un prazo de dez días para formular alegacións.

2. En calquera caso, antes de adoptar calquera dos acordos expresados no punto anterior, así como previamente a ditar resolución, será preceptivo o informe do asesor xurídico correspondente, salvo nos supostos dos números 1 e 2 do artigo 28, ou do asesor xurídico xeral cando lle corresponda o acordo ao ministro de Defensa.

Tamén será preceptivo o informe non vinculante do director do centro para impoñer a sanción de baixa no centro docente militar de formación.

3. De carecer da competencia necesaria para impoñer a sanción que resulte do procedemento, remitirá todas as actuacións á autoridade competente, e notificarallo ao expedientado.

4. Se os feitos poden ser cualificados como infracción administrativa ou infracción penal, comunicarallo á autoridade administrativa no primeiro caso e, no segundo, á autoridade xudicial competente ou ao fiscal xurídico militar.

5. Previamente á imposición da sanción de separación do servizo, será preceptivo oír o consello ou a xunta superior correspondente.

Artigo 59. *Resolución.*

1. A resolución que poña fin ao procedemento deberá ser motivada e fixará con claridade os feitos constitutivos da infracción, a súa cualificación xurídica, con expresa indicación do artigo e punto en que se encontra tipificada, o seu responsable e a sanción que se impón, que se graduará conforme o artigo 22, precisando, cando sexa necesario, as circunstancias do seu cumprimento e facendo expresa declaración respecto das medidas cautelares adoptadas durante a tramitación. Deberase fundar unicamente nos feitos que foron notificados polo instrutor ao expedientado, sen prexuízo da súa distinta cualificación xurídica, sempre que a falta finalmente apreciada sexa homoxénea respecto da notificada e non estea máis gravemente sancionada.

Se a sanción imposta é a de perda de destino, deberá concretarse a limitación prevista no artigo 17, con mención da unidade ou localidade obxecto de prohibición de solicitude de destino polo expedientado.

2. A resolución do procedemento notificaráselle ao expedientado, con indicación dos recursos que procedan contra ela, así como da autoridade ante a cal se deben presentar e os prazos para interpoñelos. Así mesmo, comunicarase a quen formulase o parte e a quen teña que anotala na folla de servizos.

3. De igual modo, comunicaráselles a resolución, se é o caso, á autoridade disciplinaria que ordenase o inicio do procedemento e ao xefe da unidade do expedientado.

TÍTULO IV

Execución das sancións

CAPÍTULO I

Cumprimento das sancións

Artigo 60. *Executividade das sancións.*

1. As sancións disciplinarias serán inmediatamente executivas e comezarán a cumprirse o mesmo día en que se lle notifique ao infractor a resolución pola cal se lle impoñen, salvo as impostas polo comandante dun buque de guerra no mar, que se poderán diferir ata a chegada do buque ao porto ou nos supostos previstos no artigo 40.

Cando un sancionado sexa privado de liberdade por imposición dunha sanción de arresto, ou dunha medida cautelar do artigo 31 ou provisional do artigo 51, a executividade inmediata de tales sancións ou medidas entenderase sen prexuízo de que o sancionado poida instar o procedemento de «habeas corpus» ante o xuíz togado militar territorial competente, de conformidade co artigo 61.3 da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdición militar, e co artigo 2 da Lei orgánica 6/1984, do 24 de maio, reguladora do procedemento de «habeas corpus».

2. Na sanción económica, a perda de retribucións faraa efectiva, con cargo ao sancionado, o órgano competente nesta materia na primeira nómina en que sexa posible efectuar o desconto. Se a entidade da perda de retribucións non permite levar a cabo as deducións nunha soa nómina, estas detraeranse tamén das seguintes ata o cumprimento total da sanción.

A sanción económica calcularase tomando o soldo e o complemento de emprego mensuais que percíbise en nómina o sancionado no momento da comisión da falta, dividirse por sesenta aquela cantidade e multiplicarse polo número de días de sanción impostos.

No caso dos militares destacados en zona de operacións suxeitos ás disposicións do título II, capítulo III, desta lei, a sanción económica calcularase dividindo por trinta a suma do soldo e o complemento de emprego mensuais que percíbise en nómina o sancionado

no momento da comisión da falta e multiplicando polo número de días impostos na sanción.

En todo caso, rexerán os límites que para o embargo de soldos e pensións determina a Lei de axuizamento civil ou norma que a substitúa. Cando a contía da perda de retribucións imposta exceda os indicados límites na nómina do mes na cal proceda o desconto, distribuirase o seu importe entre as nóminas dos meses que resulten necesarios para non excedelos.

Cando o sancionado o sexa por falta grave poderá, logo de solicitude ao órgano competente para realizar o desconto, fraccionar o pagamento durante os tres meses seguintes ao da imposición da sanción.

3. Nos arrestos en establecemento disciplinario militar por falta grave e moi grave, a autoridade que o impuxese adoptará as medidas oportunas para o inmediato ingreso do sancionado no dito establecemento, cuxas normas de réxime interior serán establecidas polo ministro de Defensa.

Non obstante, nas faltas graves a autoridade sancionadora, se concorren circunstancias xustificadas e non se causa prexuízo á disciplina, poderá acordar na correspondente resolución que o arresto se cumpra noutro establecemento militar ou na unidade; neste caso, o sancionado participará nas actividades que se determinen.

En todo caso, os alumnos cumpriranos no centro docente militar de formación, participando nas actividades académicas e permanecendo nos lugares sinalados o resto do tempo.

4. Será de aboamento para o cumprimento da sanción de arresto o tempo de privación de liberdade sufrido polos mesmos feitos. Tamén se aboará o transcorrido desde o día da notificación do arresto, excepto no caso en que se acordase a suspensión ou o aprazamento da sanción de privación de liberdade.

Artigo 61. *Outros efectos do arresto.*

1. A imposición da sanción de arresto comportará, respecto aos militares de carreira, que a súa solicitude de renuncia á condición militar non será resolta mentres non finalice o seu cumprimento.

2. A imposición do arresto respecto dos militares que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter temporal impedirá a resolución ou a finalización de compromiso ata o seu cumprimento.

Unha vez cumprido o arresto, se a súa duración excede o tempo de servizo que no momento da súa imposición lle reste ao sancionado, resolverase o seu compromiso.

3. Aos reservistas voluntarios que se encontren cumprindo unha sanción de arresto daráselles por cumprida no momento en que finalicen o seu período de activación.

Artigo 62. *Concorrenza de sancións.*

Cando concorran varias sancións e non sexa posible o seu cumprimento simultáneo levarase a cabo na orde en que foron impostas, excepto os arrestos que se cumprirán con preferencia ás demais e entre eles por orde de maior a menor gravidade. Se a suma dos arrestos excede os catro meses, non se cumprirá o tempo que exceda este límite.

Artigo 63. *Suspensión ou inexecución de sancións.*

As autoridades a que se refiren os números primeiro, segundo e terceiro do artigo 26 e, se é o caso, o auditor presidente ou a Sala de Goberno do Tribunal Militar Central e o fiscal togado, que impuxesen unha sanción disciplinaria, poderán acordar de oficio ou por instancia de parte a suspensión da súa execución por un prazo inferior á súa prescrición, ou a inexecución definitiva da sanción, cando, por razóns de condición psicofísica, circunstancias excepcionais de carácter persoal ou calquera outra situación relacionada co servizo, medie causa xusta para iso e non se cause prexuízo á disciplina.

As demais autoridades e mandos con competencia sancionadora poderán propoñerllelo, respecto ás sancións impostas por elas, aos órganos e autoridades mencionados no parágrafo anterior.

CAPÍTULO II

Anotación e cancelación

Artigo 64. *Anotación.*

Todas as sancións disciplinarias definitivas en vía disciplinaria se anotarán na folla de servizos do sancionado. Na anotación figurará, ademais, a expresión clara e concreta dos feitos e a súa cualificación.

Nas follas de servizo dos alumnos dos centros docentes militares de formación unicamente se anotarán as sancións disciplinarias impostas por faltas moi graves, graves e as leves sancionadas con arresto.

Artigo 65. *Cancelación.*

1. As notas das sancións, excepto a de separación do servizo e a resolución de compromiso, serán canceladas de oficio ou por instancia de parte unha vez transcurrido o prazo dun ano, de dous anos ou de catro anos segundo se trate, respectivamente, de sancións impostas por falta leve, por falta grave ou por falta moi grave, sempre que durante ese tempo non lle fose imposta ningunha pena ou sanción disciplinaria.

2. Os prazos computaranse desde a data do cumprimento da sanción, desde a data en que esta finalizase en caso de inexecución desta, ou desde a data da súa prescrición.

3. En todo caso, as anotacións por faltas leves e graves dos alumnos dos centros docentes militares de formación serán canceladas de oficio cando os alumnos causen baixa no referido centro ou se incorporen á súa escala unha vez finalizada a súa formación.

Artigo 66. *Procedemento de cancelación.*

Determinarase regulamentariamente o procedemento para as cancelacións previstas no artigo anterior. Contra a resolución desestimatoria dunha cancelación poderase interpoñer recurso de alzada ante a autoridade competente, e contra a súa resolución caberá interpoñer recurso contencioso-disciplinario militar ante o Tribunal Militar Central.

Artigo 67. *Efectos da cancelación.*

A cancelación dunha anotación de sanción por falta leve producirá o efecto de anular a inscrición, sen que se poida certificar dela salvo co obxecto do ingreso, ascenso e permanencia na Real e Militar Orde de San Hermenexildo.

Cando se trate da cancelación dunha sanción por falta grave ou moi grave, producirá o efecto de anular a inscrición. Só se poderá certificar delas ou ser consultadas cando así o soliciten as autoridades competentes, para os exclusivos efectos de avaliacións regulamentarias, concesión de determinadas recompensas, obtención de habilitacións de seguridade ou asignación de destinos de libre designación para os cales se precisen condicións profesionais e persoais de idoneidade cuxo desempeño se considere incompatible coa natureza das condutas sancionadas.

TÍTULO V

Recursos

Artigo 68. *Recursos.*

1. Contra as resolucións sancionadoras os interesados poderán interpoñer os recursos previstos nos artigos seguintes, sen prexuízo do cumprimento da sanción imposta.

2. Os recursos presentaranse por escrito, serán sempre motivados e en ningún caso poderán interpoñerse de forma colectiva.

Artigo 69. *Recurso de alzada.*

1. O recurso dirixirase á autoridade ou ao mando superior ao cal impuxo a sanción, tendo en conta a gradación xerárquica sinalada no artigo 26 e, se é o caso, o previsto nos artigos 28 e 29. Non obstante, cando a sanción fose adoptada polo xefe do Cuarto Militar da Casa de S. M. o rei, o recurso interpoñerase ante o ministro de Defensa.

En todo caso, se o recurso se interpón contra sancións impostas aos alumnos dos centros docentes militares de formación, a gradación xerárquica será a sinalada no artigo 33.

Contra as resolucións sancionadoras ditadas polos xefes de compañía, sección, pelotón ou unidades similares interpoñerase o recurso, en todo caso, ante o xefe, comandante ou director a que se refire o ordinal cuarto do artigo 26.

2. Cando a sanción fose acordada polo auditor presidente do Tribunal Militar Central, o recurso interpoñerase perante a Sala de Goberno deste tribunal.

3. O recurso poderase interpoñer nun prazo dun mes, que se iniciará o día seguinte ao de notificación da sanción. Se esta for de arresto, o prazo finalizará aos quince días do seu cumprimento.

Artigo 70. *Recurso de reposición.*

Contra as resolucións sancionadoras ditadas polo ministro de Defensa ou, se é o caso, pola Sala de Goberno do Tribunal Militar Central, caberá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, computado nos termos previstos no artigo anterior.

Artigo 71. *Resolución do recurso.*

1. As autoridades competentes para resolver os recursos en vía disciplinaria ditarán resolución no prazo dun mes. Transcorridos dous meses desde que se interpuxo o recurso sen se ter recibido a notificación da resolución adoptada, poderá entenderse desestimado para os efectos de promover o recurso contencioso-disciplinario militar.

Non obstante, a desestimación presunta non exclúe o deber da autoridade de ditar resolución expresa.

2. A autoridade ante a cal se interpón o recurso comprobará se se respectou o procedemento establecido, levará a cabo as pescudas pertinentes e revisará ou considerará os feitos, a súa cualificación e a sanción imposta, que poderá anular, diminuír ou manter.

3. A resolución adoptada notificaráselle ao recorrente, con indicación do recurso que proceda contra ela, prazo hábil para interpor recurso e órgano xudicial ante quen se debe interpoñer. Así mesmo, a resolución será comunicada ao órgano ou autoridade que impuxo a sanción e á autoridade competente para anotala.

Artigo 72. *Suspensión.*

O sancionado poderá solicitar a suspensión das sancións por falta grave e moi grave durante o tempo de tramitación do recurso, cando a execución poida causarlle prexuízos de imposible ou difícil reparación ou o recurso se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas nas normas reguladoras do procedemento administrativo común. A autoridade competente para o coñecemento do recurso deberá

resolver esta petición no prazo de cinco días, e deberá denegarse motivadamente se con ela se causa prexuízo á disciplina militar. Transcorrido o dito prazo, entenderase desestimada a solicitude sen prexuízo da obriga de resolver expresamente.

Artigo 73. *Recurso contencioso-disciplinario militar.*

As resolucións adoptadas nos recursos de alzada e de reposición poñerán fin á vía disciplinaria e contra elas poderá interpoñerse recurso contencioso-disciplinario militar nos termos previstos nas normas procesuais militares.

Disposición adicional primeira. *Normas de aplicación supletoria.*

En todo o non previsto nesta lei serán de aplicación supletoria a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, ou as leis que as substitúan en cada momento.

Disposición adicional segunda. *Comunicación de resolucións xudiciais.*

Os xuíces e tribunais da xurisdición ordinaria poñerán en coñecemento do Ministerio de Defensa as sentenzas firmes ou os autos de sobresemento definitivos que poñan fin aos procesos penais que afecten o persoal militar.

Disposición adicional terceira. *Colaboración do Rexistro Central de Penados.*

O Rexistro Central de Penados, por pedimento dos órganos encargados da tramitación de procedementos de cancelación de notas causadas pola imposición de sancións disciplinarias e para os exclusivos efectos de tales procedementos, certificará a inexistencia ou, se é o caso, constancia de antecedentes penais relativos aos interesados.

Disposición adicional cuarta. *Medidas non disciplinarias a bordo de buques de guerra.*

Sen prexuízo das súas competencias disciplinarias, o comandante dun buque de guerra poderá acordar a bordo, motivadamente, medidas que non teñan carácter disciplinario consistentes en limitacións ou restricións ao acceso a determinadas zonas do buque, para poñer fin a situacións de agresividade, acoso ou violencia, constitutivas de presunta falta grave ou moi grave disciplinaria militar, durante o tempo que sexan necesarias para protexer as potenciais vítimas do presunto infractor.

Disposición adicional quinta. *Aplicación do réxime disciplinario das Forzas Armadas ao persoal da Garda Civil.*

A Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas aplicarase ao persoal da Garda Civil cando actúe en misións de carácter militar ou integrado en unidades militares, de conformidade co disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil. Tamén será de aplicación ao persoal da Garda Civil durante a súa fase de formación militar como alumno en centros docentes de formación das Forzas Armadas.

No suposto de que participe en unidades destacadas en zonas de operacións, fose ou non transferido a unha cadea de mando multinacional, a potestade disciplinaria exercerase a través da cadea de mando operativo nacional, de acordo co establecido no capítulo III do título II desta lei orgánica.

Nestes supostos, a suxeición dos membros da Garda Civil ao réxime disciplinario das Forzas Armadas será efectiva a partir do momento en que se lles notifique, de forma individual, esta circunstancia.

Os feitos constitutivos de infracción disciplinaria, cometidos polo persoal da Garda Civil ao cal resulte aplicable o réxime disciplinario das Forzas Armadas, que non fosen

sancionados ao concluír a súa suxeición ao dito réxime disciplinario, someteranse ao coñecemento do director xeral da Garda Civil para a súa investigación e eventual sanción, con remisión, se é o caso, das actuacións practicadas.

Disposición transitoria primeira. *Faltas cometidas antes da entrada en vigor desta lei.*

1. As faltas disciplinarias cometidas con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei e sobre as cales non recaese sanción serán sancionadas conforme a normativa anterior, salvo que as disposicións desta lei fosen máis favorables ao interesado, caso en que se aplicará esta. Para estes efectos, considerarase que as causas de imposición de sancións disciplinarias extraordinarias previstas no artigo 17 da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, equivalen ás faltas moi graves.

Antes de adoptar calquera decisión, daráselle audiencia ao interesado.

2. Os procedementos que na referida data se encontrasen en tramitación continuarán rexéndose, ata a súa conclusión, polas normas vixentes no momento da súa iniciación, sen que lles sexa aplicable o disposto nesta lei sobre caducidade.

Disposición transitoria segunda. *Revisión de sancións non cumpridas.*

1. O ministro de Defensa e as demais autoridades e mandos con potestade disciplinaria revisarán de oficio, con audiencia do interesado, as sancións impostas por eles en aplicación da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, que non estivesen cumpridas, cando por aplicación desta lei corresponda impoñer unha sanción menos afitiva ou extensa.

2. En todo caso, a aqueles que no momento da entrada en vigor desta lei estean cumprindo arresto por falta leve e superasen o tempo de catorce días de cumprimento ou excedesen o de trinta días de arresto no suposto dunha sanción por falta grave, daráselles por cumprida a sanción dun modo inmediato.

De igual modo, a aqueles que estean cumprindo unha sanción de arresto por falta leve ou grave de maior duración temporal á prevista nesta lei, daráselles por finalizado o seu cumprimento no momento en que se alcancen os catorce ou trinta días, respectivamente, de execución da sanción.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación transitoria da normativa vixente.*

Ata que se aprobe o réxime interior dos establecementos disciplinarios militares e o procedemento para a anotación e cancelación de notas desfavorables na documentación militar seguirase aplicando, no referente ás ditas materias, a normativa vixente no momento da entrada en vigor desta lei en todo aquilo que non se opoña a ela.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións.*

Queda derogada a Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdición militar.*

A Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdición militar, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 5 do artigo 23 queda redactado da forma seguinte:

«5. Dos recursos xurisdicionais en materia disciplinaria militar que procedan contra as sancións impostas ou reformadas polo ministro de Defensa ou a Sala de Goberno do Tribunal Militar Central.»

Dous. Ao artigo 35 engádeselle un segundo parágrafo coa seguinte redacción:

«Así mesmo, atribúeselles a potestade para impoñer sancións disciplinarias militares por faltas moi graves aos membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións xudiciais, conforme a Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.»

Tres. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 122, que queda redactado nos seguintes termos:

«Nos procedementos por faltas graves e moi graves, o nomeamento de instrutor recaerá nun oficial do corpo xurídico militar que exerza funcións xudiciais ou fiscais, segundo corresponda.»

Catro. O artigo 123 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 123.

Para a imposición de sancións disciplinarias por falta moi grave, reguladas na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas, aos membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións xudiciais será competente a Sala de Goberno do Tribunal Militar Central.

Cando exerzan funcións fiscais deberá oírse no procedemento o fiscal togado.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar.*

A Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, queda modificada como segue:

Un. Ao artigo 25 engádeselle un ordinal 3.º bis coa seguinte redacción:

«3.º bis Exercer a potestade de impoñerlles sancións disciplinarias militares por faltas moi graves aos membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións xudiciais, conforme a Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.»

Dous. Ao artigo 30 engádeselle un segundo parágrafo coa seguinte redacción:

«Contra as resolucións adoptadas pola Sala de Goberno nos recursos dealzada e reposición que poñan fin á vía disciplinaria militar poderase interpoñer recurso contencioso-disciplinario militar, perante a Sala do Militar do Tribunal Supremo, nos termos previstos na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.»

Tres. Ao artigo 32 engádeselle un ordinal 7.º coa seguinte redacción:

«7.º Exercer a potestade de impoñerlles sancións disciplinarias militares por faltas leves e graves aos membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións xudiciais, conforme a Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.»

Catro. Ao artigo 33 engádeselle un ordinal 9.º bis coa seguinte redacción:

«9.º bis. Exercer a potestade de impoñerlles sancións disciplinarias militares por faltas leves aos membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións xudiciais no seu territorio, conforme a Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.»

Cinco. O parágrafo segundo do artigo 453 queda redactado da seguinte maneira:

«O procedemento contencioso-disciplinario militar ordinario, que se regula nos títulos II ao IV, ambos incluídos, deste libro, é aplicable a toda pretensión que se deduza contra a imposición de calquera sanción disciplinaria militar conforme a Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas ou contra calquera sanción disciplinaria imposta de acordo coa Lei orgánica de réxime disciplinario da Garda Civil.»

Seis. O artigo 465 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 465.

O recurso contencioso-disciplinario militar será admisible en relación cos actos definitivos ditados polas autoridades ou mandos con potestade disciplinaria conforme as leis orgánicas de réxime disciplinario das Forzas Armadas ou de réxime disciplinario da Garda Civil, que causen estado en vía administrativa. Para estes efectos, considérase que causan estado os actos resolutorios dos recursos dealzada e reposición regulados nas indicadas leis orgánicas.

Contra actos de trámite non se poderá recorrer separadamente da resolución que poña fin ao procedemento disciplinario, coa excepción do acordo sobre apertura do procedemento sancionador nos supostos previstos no parágrafo primeiro do artigo 44 da Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas cando se producise fóra do prazo sinalado no dito parágrafo. Nestes casos, acreditada a interposición do recurso contencioso-disciplinario, paralizarase o procedemento sancionador mentres se resolva aquel e deixaranse en suspenso as medidas que prevén o artigo 51 da mesma lei orgánica, se se tiveren adoptado.

Así mesmo, poderase recorrer contra outros actos ditados no exercicio da potestade disciplinaria cando estea previsto expresamente na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas ou na Lei orgánica disciplinaria da Garda Civil.»

Sete. Queda sen contido a alínea b) do artigo 468.

Oito. O segundo parágrafo do artigo 513 quedarán redactado da maneira seguinte:

«Poderá acordarse a suspensión das sancións por faltas disciplinarias:

a) Cando a impugnación do acto contra o cal se recorre se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas nas disposicións reguladoras de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e este fundamento sexa apreciado polo tribunal.

b) Se, durante a tramitación do recurso en vía disciplinaria, se acorda xa a suspensión do acto contra o cal se recorre.

c) Se a sanción contra a cal se recorre é a de perda de destino e comporta o traslado forzoso do sancionado fóra da localidade onde ata entón estiver residindo.

d) Se a execución ten que ocasionar danos ou prexuízos de reparación imposible ou difícil.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.*

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, modifícase nos seguintes termos:

Un. A alínea f) do número 1 do artigo 14 queda redactada da seguinte maneira:

«f) Ser oídos expresamente nos procedementos disciplinarios por falta moi grave que afecten o persoal do seu respectivo exército, de conformidade co preceptuado na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.»

Dous. As alíneas d) e e) do número 2 e o número 4 do artigo 71 quedan redactadas nos termos seguintes:

«d) Imposición de sanción disciplinaria de baixa no centro docente militar de formación por falta grave ou separación de servizo ou resolución de compromiso por falta moi grave, de acordo co disposto na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.»

«e) Imposición de condena en sentenza firme por delito doloso, tendo en consideración o tipo de delito e a pena imposta, logo da tramitación dun expediente administrativo con audiencia do interesado.»

«4. A resolución do procedemento disciplinario que acorde a baixa polo motivo expresado no número 2.d) pode ser obxecto dos recursos previstos na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas, e contra a que poña fin á vía disciplinaria poderá interpoñerse recurso contencioso-disciplinario militar nos termos previstos na Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar. Nos demais supostos do número 2 aplicarase o disposto no artigo 141.»

Tres. O número 2 do artigo 80 queda sen contido.

Catro. A alínea c) do artigo 86 queda redactada da seguinte maneira:

«c) As certificacións sobre cancelación de sancións por falta grave e moi grave a que se refire a Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.»

Cinco. O artigo 111 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 111. *Situación de suspensión de funcións.*

1. O pase á situación de suspensión de funcións do militar profesional poderase acordar como consecuencia do procesamento, inculpación ou adopción dalgunha medida cautelar contra o imputado nun procedemento penal ou pola incoación dun procedemento disciplinario por falta moi grave.

2. O ministro de Defensa, valorando a gravidade dos feitos imputados, a existencia ou non de prisión preventiva, o prexuízo que a imputación infira ás Forzas Armadas ou a alarma social producida, poderá acordar a suspensión do militar implicado no exercicio das súas funcións, e determinar expresamente se esta suspensión implica o cesamento no destino.

No suposto de incoación dun procedemento disciplinario por falta moi grave, será a autoridade sancionadora que ordenou a súa instrución a competente para acordar o pase do expedientado a esta situación administrativa, sen que este acordo poida conter ningunha decisión sobre o cesamento no destino ocupado por aquel.

O período máximo de permanencia nesta situación será de seis meses ou o da duración da prisión preventiva, no caso de que a autoridade xudicial o acordase nalgún momento do procedemento e fose superior a seis meses.

3. No suposto de cesamento na situación de suspensión de funcións por levantamento da prisión preventiva, o ministro de Defensa poderá acordar, por resolución motivada na cal se deberán valorar os feitos imputados, a transcendencia social e o interese do servizo, a prohibición de solicitar e obter destino por un período de tempo que non poderá exceder o momento de se ditar sentenza firme ou auto de sobresemento tamén firme.

4. O tempo permanecido na situación de suspensión de funcións non será computable como tempo de servizos nin para efectos de trienios nin de dereitos no réxime da Seguridade Social que lle sexa de aplicación. Nesta situación, o militar permanecerá inmovilizado no posto que ocupe no escalafón correspondente.

5. En caso de sobresemento do procedemento, sentenza absolutoria ou terminación do procedemento disciplinario sen declaración de responsabilidade, será repostado no seu destino se convén ao seu dereito, recuperará a súa situación no escalafón correspondente e o ascenso que lle podería ter correspondido. O tempo transcorrido na dita situación seralle computable para todos os efectos.

Cando o período de tempo permanecido na situación de suspensión de funcións sexa superior á duración da condena por sentenza firme ou da sanción disciplinaria, a diferenza seralle computable para todos os efectos.

6. Para efectos de cadros de persoal, os militares profesionais na situación de suspensión de funcións contabilizarán de igual forma que os que se encontren na de servizo activo.

7. En todos os supostos anteriores, antes de adoptar a correspondente resolución daráselle trámite de alegacións ao interesado.»

Seis. O artigo 112 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 112. *Situación de suspensión de emprego.*

1. Os militares profesionais pasarán á situación de suspensión de emprego por algunha das seguintes causas:

a) Condena, en sentenza firme, á pena de prisión do Código penal militar ou do Código penal, mentres se encontre privado de liberdade e sen prexuízo do disposto na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas, ou ás penas, principal ou accesoria, de suspensión de emprego ou cargo público, logo de audiencia do interesado.

b) Imposición de sanción disciplinaria de suspensión de emprego por falta moi grave.

2. O ministro de Defensa tamén poderá acordar o pase dos militares profesionais á situación de suspensión de emprego á vista da sentenza en que se impuxese a pena de inhabilitación especial para profesión, oficio ou calquera outro dereito, cando esta inhabilitación impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións.

3. O pase á situación de suspensión de emprego por algunha das causas definidas no número 1.a) e no número 2 producirá, ademais do cesamento no destino do militar, os mesmos efectos que os establecidos para a situación de suspensión de funcións. O tempo permanecido cautelarmente nesta última situación polo mesmo procedemento será de aboamento na súa integridade para a permanencia na situación de suspensión de emprego, que resulte do cumprimento da pena imposta.

4. A suspensión de emprego polo suposto definido no número 1.b) producirá os mesmos efectos anteriores, e o afectado cesará no destino só cando a sanción imposta sexa por un período superior a seis meses.

5. O militar profesional que pase á situación de suspensión de emprego polo suposto definido no número 1.b), se a sanción disciplinaria executada for posteriormente revogada con carácter definitivo, en vía administrativa ou xurisdiccional, será repostado no seu destino, se convén ao seu dereito, recuperará a súa situación no escalafón correspondente e o ascenso que lle podería ter correspondido, e o tempo transcorrido na dita situación seralle computable para todos os efectos.»

Sete. Engádesse ao final do artigo 115 un novo parágrafo coa seguinte redacción:

«Poderán seguir identificándose co emprego militar que alcanzasen, sempre acompañado da palabra «retirado».»

Oito. O artigo 118 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 118. *Finalización e resolución de compromisos dos militares cunha relación de servizos profesionais de carácter temporal.*

1. Os compromisos dos militares de complemento e dos militares de tropa e mariñeiría finalizarán na súa data de vencemento e resolveranse polas causas establecidas no artigo 10.2 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, para os compromisos de longa duración, sempre que o interesado cumprise polo menos tres anos entre o compromiso inicial e, se é o caso, o de renovación, polo que perderá a súa condición militar.

2. Durante os tres primeiros anos de compromiso, este resolverase por algunha das seguintes causas:

a) Por pedimento expreso do interesado por circunstancias extraordinarias e nas condicións que regulamentariamente se determinen.

b) Pola adquisición da condición de militar de carreira ou de militar de complemento.

c) Polo ingreso nun centro de formación da Garda Civil ou do Corpo Nacional de Policía.

d) Polo ingreso en corpos e escalas de funcionarios ou pola adquisición da condición de persoal laboral fixo das administracións públicas e organismos públicos dependentes delas. Para estes efectos, terán a mesma consideración o nomeamento como funcionario en prácticas e a designación para realizar os períodos de proba nos procesos selectivos de persoal laboral.

e) Pola perda da nacionalidade española.

f) Por insuficiencia de facultades profesionais.

g) Por insuficiencia de condicións psicofísicas.

h) Pola imposición de sanción disciplinaria de resolución de compromiso, en aplicación da Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

i) Por incumprimento, en contra do declarado polo interesado, das condicións para optar á convocatoria para o ingreso no correspondente centro docente militar de formación.

3. Así mesmo, resolverase o compromiso dos militares de complemento, así como o dos militares de tropa e mariñeiría con menos de seis anos de servizos, cando se dea algunha das circunstancias polas cales un militar de carreira pasa á situación de servizos especiais, segundo o artigo 109.1, ou á de excedencia por prestación de servizos no sector público, regulada no artigo 110.2. Neste último suposto, tamén se resolverá o dos militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración.

4. Pola imposición de condena por delito doloso e tendo en consideración o tipo de delito e a pena imposta, poderá tamén resolverse o compromiso dos militares de complemento e dos militares de tropa e mariñeiría durante os tres primeiros anos, logo de expediente administrativo con audiencia do interesado.

5. Os militares de complemento e os militares de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal estarán na situación legal de desemprego para efectos da protección correspondente, cando finalice o compromiso que teñan suscrito ou se resolva por causas independentes da súa vontade.

6. O Ministerio de Defensa xestionará e convirá con institucións públicas e entidades privadas accións orientadas á incorporación laboral dos militares de complemento e dos militares de tropa e mariñeiría.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.*

O número 2 do artigo 10 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, queda redactado da seguinte maneira:

«2. Este compromiso resolverase por algunha das seguintes causas:

- a) Por pedimento expreso do interesado cun aviso previo de tres meses.
- b) Pola adquisición da condición de militar de carreira ou de militar de complemento.
- c) Polo ingreso nun centro de formación da Garda Civil ou do Corpo Nacional de Policía.
- d) Polo ingreso en corpos e escalas de funcionarios ou pola adquisición da condición de persoal laboral fixo das administracións públicas e organismos públicos dependentes delas. Para estes efectos, terán a mesma consideración o nomeamento como funcionario en prácticas e a designación para realizar os períodos de proba nos procesos selectivos de persoal laboral.
- e) Polo acceso á condición de permanente.
- f) Pola perda da nacionalidade española.
- g) Por insuficiencia de facultades profesionais.
- h) Por insuficiencia de condicións psicofísicas.
- i) Pola imposición de sanción disciplinaria de resolución de compromiso, en aplicación da Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

Pola imposición de condena por delito doloso e tendo en consideración o tipo de delito e a pena imposta poderá tamén resolverse o compromiso, logo da tramitación dun expediente administrativo con audiencia do interesado.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil.*

A Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un número 3 bis ao artigo 7 nos seguintes termos:

«3 bis. Organizar ou participar activamente en reunións ou manifestacións de carácter político ou sindical, así como organizar, participar ou asistir *levando armas*, vestindo o uniforme regulamentario ou facendo uso da súa condición de garda civil, a manifestacións ou reunións de carácter político, sindical ou reivindicativo que se celebren en lugares públicos.»

Dous. Engádesse un número 21 bis ao artigo 8, coa redacción que segue:

«21 bis. Efectuar con publicidade manifestacións ou expresar opinións que supoñan infracción do deber de neutralidade política ou sindical, pronunciándose ou efectuando propaganda a favor ou en contra de partidos políticos ou sindicatos ou dos seus candidatos.»

Tres. O número 2 e o segundo parágrafo do número 3 do artigo 50 quedan redactados do seguinte modo:

«2. O acordo de inicio deberá incorporar a designación do instrutor, se é o caso, e indicar expresamente os dereitos que asisten o interesado, incluída a recusación de quen instrúa o procedemento, advertíndoo de que, se non formula oposición ou non propón a práctica de proba, poderá resolverse o expediente sen máis trámite.»

«3. (...)

Cando o inicio do procedemento fose acordado por algunha das autoridades ou mandos da Garda Civil a que se refiren os artigos 28, 29 e 30.1 desta lei, poderase encomendar a súa instrución, na mesma resolución, a un subordinado, sempre que sexa de superior emprego ao do interesado.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.*

Engádesse unha alínea d) ao artigo 5 da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión, coa seguinte redacción:

«d) Cando sexan organizadas por membros das Forzas Armadas ou da Garda Civil infrinxindo as limitacións impostas no artigo 13 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, ou no artigo 8 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil.»

Disposición derradeira sétima. *Estatística disciplinaria.*

O Ministerio de Defensa remitirá ao Observatorio da Vida Militar, no primeiro semestre do ano, a memoria do exercicio anterior coas estatísticas da aplicación desta lei orgánica sobre o número de procedementos disciplinarios e as sancións impostas, especificando as infraccións cometidas segundo as diferentes epígrafes de faltas leves, graves e moi graves.

Disposición derradeira oitava. *Título habilitante.*

Esta lei dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4.^a da Constitución.

Disposición derradeira novena. *Carácter de lei ordinaria.*

Teñen carácter de lei ordinaria as disposicións derradeiras terceira e cuarta.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

A presente lei orgánica entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 4 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY